

MAREMAGNUM

publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo

 n° 27 - 2023

*UNHA FELIZ VIAXE
POLA VIDA*



UNHA FELIZ VIAXE POLA VIDA

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM
CG AUTISMO GALICIA

Nº 27. Ano 2023
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
cjimenez@menela.gal

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Emma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Manuel Ojea Rúa
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Soledad Penalta

Edita

AUTISMO GALICIA
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 34 981 589 365
E-mail: info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

— GALEGO —

7

EDITORIAL

11

ESCALA PARA O DIAGNÓSTICO DO TRASTORNO
DO ESPECTRO AUTISTA (TID-TEA)

Manuel Ojea Rúa

27

EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE NENOS
DE MINORÍAS ÉTNICAS

Prithvi Perepa

35

A ESTRATEXIA REXIONAL DE INTERVENCIÓN EN ZONAS
DESFAVORECIDAS COMO MODELO INTEGRADO DE INTERVENCIÓN
E TRANSFORMACIÓN DA CULTURA ORGANIZACIONAL DESDE O
ENFOQUE DE ARQUITECTURA CAUSAL E *OUTSIDE-IN THINKING*:
O CASO DE AUTISMO SEVILLA

Angélica Gutiérrez-González, Raúl Olmedo-Marín
e Elena Cuesta-Pizarro

49

O ROL DO PSIQUIATRA PSICOTERAPEUTA NO ACOMPAÑAMENTO
E TRATAMENTO DO PACIENTE CON AUTISMO

Tali Vaimberg Lombardo

55
DESCRITOS POLA LITERATURA
(DE ESCRITOS POLA LITERATURA)

Josep M.^a Brun

65
SENTIDO DE PERTENZA E NEURODIVERSIDADE

Cipriano Luis Jiménez Casas

77
UNHA FELIZ VIAXE POLA VIDA DIVERSA TRAS JAMES STEWART
(VISITA AO SEU MUSEO EN INDIANA, PENSILVANIA)

Claudio Rodríguez Fer

87
«PENSAR SANTIAGO A PARTIR DA COMUNIDADE LOCAL,
E NOM PARA O TURISMO, É O GRANDE DESAFIO
PARA O FUTURO DA CIDADE»

Elías José Torres Feijó

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

93
EDITORIAL

97
ESCALA PARA EL DIAGNÓSTICO DEL TRASTORNO
DEL ESPECTRO AUTISTA (TID-TEA)

Manuel Ojea Rúa

113
EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE NIÑOS
DE MINORÍAS ÉTNICAS

Prithvi Perepa

121

LA ESTRATEGIA REGIONAL DE INTERVENCIÓN EN ZONAS
DESFAVORECIDAS COMO MODELO INTEGRADO DE INTERVENCIÓN
Y TRANSFORMACIÓN DE LA CULTURA ORGANIZACIONAL DESDE EL
ENFOQUE DE ARQUITECTURA CAUSAL Y *OUTSIDE-IN THINKING*:
EL CASO DE AUTISMO SEVILLA

Angélica Gutiérrez-González, Raúl Olmedo-Marín
y Elena Cuesta-Pizarro

135

EL ROL DEL PSIQUIATRA PSICOTERAPEUTA EN EL
ACOMPAÑAMIENTO Y TRATAMIENTO DEL
PACIENTE CON AUTISMO

Tali Vaimberg Lombardo

141

DESCRITOS POR LA LITERATURA
(DE ESCRITOS POR LA LITERATURA)

Josep M.^a Brun

151

SENTIDO DE PERTENENCIA Y NEURODIVERSIDAD

Cipriano Luis Jiménez Casas

163

UN FELIZ VIAJE POR LA VIDA DIVERSA TRAS JAMES STEWART
(VISITA A SU MUSEO EN INDIANA, PENSILVANIA)

Claudio Rodríguez Fer

173

«PENSAR SANTIAGO A PARTIR DE LA COMUNIDAD LOCAL,
Y NO PARA EL TURISMO, ES EL GRAN DESAFÍO
PARA EL FUTURO DE LA CIUDAD»

Elías José Torres Feijó

EDITORIAL

“Unha feliz viaxe pola vida”, é o nome que leva a portada desta entrega do n.º 27 da revista *Maremagnum*: “Unha feliz viaxe pola vida”, foi o lema do 13.º Congreso Internacional de Autismo Europa, xullo 2022, en Cracovia (Polonia). Como o propio reclamo da revista, *Maremagnum* neste 2023, non se axusta ao desenvolvemento dun determinado tema, dos moitos que o(s) autismo(s) contemplan, e que xa foron desenvolvidos en anteriores números. Nesta ocasión as autoras e autores, nos enviaron artigos, en función do que lles pareceu relevante, e apropiado desde o seu punto de vista e a liberdade de elección.

O Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo (DMCA), 2 de abril 2023, foi celebrado 31 de marzo en Santiago de Compostela, a través do slogan: “Autismo. Chamémolo Polo Seu Nome”, e tivo como obxectivos a sensibilización e concienciación sobre o TEA. Este 2 de abril 2023, coincidiu coa data do nacemento de Hans Christian Andersen, que celebrou o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, coa intención de promocionar a lectura e os mellores libros entre a infancia e á mocidade. Efeméride que a IBBY, a asociación internacional do libro infantil e xuvenil, lle encargou a sección de Grecia que difundiu a mensaxe do escritor Yagalis Lliopoulos: “Son un libro, leme” ilustrada por Photini Stephanidi, unha brillante humanización do carácter do libro pola súa expresión de beleza e diversidade.

O(s) autismo(s) acadan actualmente a sorprendente casuística do 1 por 100, con 7 millóns de persoas afectadas en Europa, 470 000 en España e 27 600 en Galicia. Ademais 4.200 nenos nacen ao ano con TEA, cunha idade media de diagnóstico, entre 3 e 4 anos e 83 000 persoas serían menores de idade. O desemprego das persoas adultas con TEA acada o impresionante dato do 90 %, e do 10 ao 20 %, da poboación mundial formarían parte da neurodiversidade.

Un concepto e/ou idea, o da neurodiversidade, irrompe, e é utilizado cada día máis, acuñado por primeira vez pola australiana Judy Singer (1951...) que fundamenta a súa idea, de que a diversidade no ser humano sería o resultado das variacións normais no campo neurolóxico, e que deberían ser respectadas. Cada vez máis, a sociedade e as persoas autistas proclaman que o modelo humano, non é único nin homoxéneo, senón que todas e todos, formaríamos parte da neurodiversidade. Un elemento que se suma, entre

outros moitos, á polémica da causalidade do(s) autismo(s). Polémica e/ou debate no que se mesturan a clínica (médicos e psicólogos), a ética e por suposto tamén a política, formando parte da neurodiversidade, e da propia biodiversidade?

Na editorial do anterior número 26, 2022 de *Maremagnum*, acompañounos o libro de Edgar Morin: *Changeons de voie. Les leçons de coronavirus* (Cambiamos de rumbo. As leccións do coronavirus), no cal nos comenta a irrupción da pandemia do coronavirus como unha catástrofe sanitaria, no medio dunha crise política, económica, social e planetaria na cal todos os países do mundo están implicados.

Nesta editorial, 2023 queremos que nos acompañe o libro de Steve Silberman: *Una tribu propia. Autismo y Asperger: otras maneras de entender el mundo* (Editorial Planeta Ariel, 2022), unha historia do cambio de actitude con respecto ao TEA e a síndrome de Asperger. No seu artigo o autor desta editorial: *Sentido de pertenza e neurodiversidade*, considera: “Un libro que nos mostra os cambios rexistrados no diagnóstico do autismo no derradeiro século, que revelan de forma contundente como os nocivos estereotipos asociados ás persoas con autismo impiden que a nosa cultura acade o seu potencial así como, para ter en conta, a proposta da autora Judy Singer, no recoñecemento de que as diferenzas en neuroloxía deben ser recoñecidas e respectadas como unha categoría social, para chegar o concepto de neurodiversidade”.

Manuel Ojea Rúa, en: *Escala para o diagnóstico do trastorno do espectro do autismo (TID-TEA)*, comenta: “as investigacións con base empírica en relación coa especificidade conceptual das persoas con TEA, son amplamente recorrentes en canto ás particularidades do tipo de procesamento psiconeurolóxico da información que presentan, tanto en relación cos procesos iniciais perceptivos, caracterizados por unha coherencia central cognitiva débil, como con base na recuperación da información, pero, sobre todo, estes estudos destacan as limitacións sinópticas das persoas con TEA para realizar o establecemento de relacións entre os conceptos e as categorías conceptuais, que dificultan un procesamento relacional extensivo e xeneralizado aos procesos indutivos, deductivos da información... a escala integrada (TID-TEA), englobaría, tanto as variables condutuais, como as dimensións perceptivo-cognitivas do procesamento neuropsicolóxico da información”.

Prithvi Perepa no seu artigo: “*Experiencias educativas de nenos de minorías étnicas*”, subliña: “A importancia de comprender a etnicidade e a cultura dentro do campo do autismo, explorando a oferta educativa no Reino Unido para resaltar algúns dos problemas experimentados polos nenos pertencentes a comunidades étnicas minoritarias, suxerindo algunhas das formas en que os profesionais poden mellorar a súa práctica ao recoñecer a cultura do neno e a súa familia. No campo do autismo, a miúdo ignoramos como os factores sociais, económicos e culturais impactan nas experiencias das persoas que teñen un diagnóstico de autismo ou nas súas familias. Con todo, estes factores poden ter unha influencia importante na vida dun individuo e mirar o autismo de forma illada sen recoñecer o contexto, polo que non nos proporcionaría unha comprensión integral desa persoa”.

Angélica Gutiérrez-González e colaboradores, co seu traballo de investigación: “*A Estratexia Rexional de Intervención en Zonas Desfavorecidas como modelo integrado de intervención e transformación da cultura organizacional desde o enfoque da arquitectura causal e outside-in thinking: o caso de Autismo Sevilla*”, fomentou grandes innovacións na intervención social en Andalucía. Ademais de facilitar o desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral para persoas residentes en zonas desfavorecidas, puxo sobre a mesa a necesidade e a existencia dun traballo colaborativo e en rede entre administracións públicas e entidades do terceiro sector de acción social, orientado á transformación comunitaria. Esta filosofía transformadora transcendeu e ás organizacións e á súa cultura e calou nelas, a través do enfoque de arquitectura causal, ao promover un modelo integrado de intervención”.

Tali Vaimberg Lombardo, na súa colaboración: “*O rol do psiquiatra psicoterapeuta no acompañamento e tratamento do paciente con autismo*” de que o autismo ou o(s) autismos(s), tal como actualmente os denominamos, como alteración da neurobioloxía e que afectan o sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, e sobre os cales descoñecemos as súas causas e orixes, salvo a implicación xenética dalgúns casos, son actualmente unha condición de vida ou unha neurodiversidade, que non podemos curar, que se manifestan e con necesidades que cambian en cada unha das etapas da súa vida conxuntamente coas experiencias e apoios adquiridos. Un dos tratamentos que podemos utilizar son os psicofármacos como sostén dalgúns síntomas ou comorbilidades. O modo de administrar, pensar e acompañar a toma de tratamento psicofarmacolóxico, vai ser diferente en tanto que esta sexa pensada desde o rol do psiquiatra psicoterapeuta de orientación dinámica”.

Josep M.^a BRUN, no seu texto: “*Descritos pola literatura (De escritos pola literatura)*, pretende: ser un esbozo, inevitable e afortunadamente incompleto e singular, dese achegamento entre o relato literario —de escritores, poetas, cantautores ou garafeteiros anónimos— e o mundo do(s) autismo(s), onde as palabras non procuran describir un diagnóstico, senón evocar un mundo de emocións. Pero que teñen a fortuna de empaticar con estados de ánimo, con aqueles elementos aos que recorremos para convivir cos demais e co propio mundo. Con frecuencia, os profesionais valémonos de textos literarios para explicar mellor realidades de difícil transcrición. Trátase, polo tanto, dun recoñecemento a ese encontro, non sempre deliberado, aínda que si frutífero, nun ámbito onde as palabras din e calan moito”.

Claudio Rodríguez Fer invítanos a: “*Unha feliz viaxe pola vida diversa tras James Stewart, na súa visita ao Museo en Indiana (Pensilvania)*, a miña nai transmitíume sendo eu neno unha grande afección polo cine que me perdurou de maior, a miúdo proporcionoume felices incursións pola diversidade da vida nunha época tan uniforme en todos os aspectos como foi a integrista ditadura franquista na que me criei. Ademais, os roles representados habitualmente por algúns actores, como por exemplo James Stewart, procurábanme a dobre sensación de comprensión das diferenzas e de apertura ás disidencias con actitudes humanistas que eu vía a diario encarnadas no meu propio pai, un

antifascista foráneo, represaliado polo franquismo, que veu vivir a un retrógrado Lugo tan fóra do seu lugar como do seu tempo, onde, por certo, acabou tan xordo como de anción o citado actor”.

Eliás José Torres Feijó: Entrevistado por Novas Galiza desenvolve o interesante tema: “*Pensar Santiago a partir da comunidade local, e nom para o turismo, é o grande desafío para o futuro da cidade*”. Investigando os impactos dos Camiños a Santiago, na reinvencción da cidade e a súa identidade compostelá e galega. Unha cidade planificada fundamentalmente desde o Goberno, non desde a comunidade local. Cun discurso, o da Igrexa católica, que identifica Santiago cun lugar de peregrinación. Nos discursos elaborados sobre Compostela e as peregrinacións comparten unha característica principal: “A comunidade e a cultura local están ausentes”. Para a comunidade galega, Compostela continua a ser unha cidade pluridimensional, mais a visión proxectada para fóra baséase nun monocultivo do Camiño que ten consecuencias na configuración da Galiza.

A ilustración da portada é un debuxo da escultora Soledad Penalta (Noia, 1943...). Penalta participou en talleres de Escultura Cerámica, en Barcelona, Girona, Sargadelos (Lugo), ou os organizados polas deputacións da Coruña e Pontevedra. Bolsas de estudos, en Italia ou Estados Unidos. Desde 1978 máis de corenta e sete exposicións e 150 colectivas: París, Roma, Porto, O Cairo, Tel Aviv, São Paulo, Tokio, Chipre, Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo. Premios: Cerámica da Coruña (1980); Deputación da Coruña (1989, 1992 e 1993); Cultura Galega de Barbantia (2014); Crítica de Galicia (2019) ou Cultura Galega de Belas Artes (2019). Membro da Real Academia Galega de Belas Artes (2018), ten obras en museos, coleccións privadas e fondos de arte. Dezanove obras de gran formato e monumentos no exterior catro delas na cidade da Coruña (parque escultórico da Torre de Hércules) ou Homenaxe a María Mariño (Noia).

O noso agradecemento a todas as autoras e autores, que nos acompañan, nesta nova entrega da revista, que leva como título: “Unha feliz viaxe pola vida”.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director de *Maremagnum*

ESCALA PARA O DIAGNÓSTICO DO TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TID-TEA)

Prof. Dr. Manuel Ojea Rúa¹

RESUMO

Son amplamente recorrentes as investigacións con base empírica en relación coa especificidade conceptual das persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA), en canto ás particularidades do tipo de procesamento psico-neurolóxico da información que presentan, tanto en relación cos procesos iniciais perceptivos, caracterizados por unha coherencia central cognitiva débil, como en base á recuperación da información, pero, sobre todo, estes estudos destacan as limitacións sinápticas das persoas con TEA para realizar o establecemento de relacións entre os conceptos e as categorías conceptuais, que dificultan un procesamento relacional extensivo e xeneralizado aos procesos indutivos, dedutivos da información.

Con todo, as escalas actuais tradicionais de diagnóstico limitanse en exceso á análise dos criterios de diagnóstico de tipo condutual, por esta razón deseñouse a Escala Integrada (TID-TEA), que engloba, tanto as variables condutuais como as dimensións perceptivo-cognitivas do procesamento neuropsicolóxico da información. Neste estudo, anticiparon un total de 124 persoas con TEA, co fin de atopar a codificación das puntuacións atopadas na escala e a súa transformación en percentís, que determinan a validez do proceso de diagnóstico do TEA.

Palabras clave: Autismo, Diagnóstico, Percepción-Cognición, Memoria Semántica, Desenvolvemento Evolutivo, Nodos Sinápticos Relacionais

¹ Manuel Ojea Rúa é catedrático de Orientación Educativa, profesor-doutor en Másteres e Doutoramento da Universidade de Vigo, graduado en Psicoloxía, Pedagogía e Psicopedagogía, Educación Primaria e Educación Especial.

moxea@uvigo.es

<https://orcid.org/0000-0002-9787-2520>

<https://manuelojea.blogspot.com/>

Introdución

As escalas diagnósticas de maior fiabilidade existentes na actualidade, de entre as cales cabe destacar o test ADOS-2 (Lord, Rutter e Le Couteur, 1994) e a Escala ADI-R (Rutter, Bailey e Lord, 2003), baséanse case exclusivamente na observación dos criterios obxectivables de tipo condutual observables nas persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de acordo coa Clasificación Internacional DSM-5 da APA (2013); con todo, nos últimos anos, a investigación científica en termos da conceptualización do diagnóstico do TEA evolucionou de forma considerable. Neste sentido, son amplamente recorrentes as conclusións en relación coa especificidade das persoas con TEA en canto ao tipo de procesamento psiconeurolóxico da información, tanto nos procesos iniciais perceptivos, caracterizados por unha coherencia central cognitiva débil, como en relación coa recuperación da información, pero sobre todo, estes estudos destacan as limitacións sinápticas nas persoas con TEA para realizar o establecemento de relacións entre os conceptos e as categorías conceptuais que dificultan un procesamento relacional extensivo e xeneralizado aos procesos inductivos e deductivos da información obxectivo de aprendizaxe (Brignell et al., 2018). Estas limitacións obsérvanse nos diferentes cadros diagnósticos do TEA, con todo e, sobre todo, no caso das persoas con nivel de TEA-1, estas necesidades preséntanse, en moitas ocasións, con moi pouca ou ningunha correlación coa presenza de criterios condutuais claramente observables, que están incluídos dentro das consideracións diagnósticas das escalas anteriormente indicadas. Nalgúns estudos sinálase que a presenza destes criterios obxectivables nos procesos de diagnóstico redúcense mesmo ao 17.8 % (Carbone et al., 2020), polo que as puntuacións concluintes das escalas baseadas exclusivamente en ítems condutuais poden obviar estas novas consideracións científicas perceptivo-cognitivas e deixar á marxe do diagnóstico a persoas que, con todo, presentan unha sintomatoloxía específica concorrente co trastorno. Neste sentido, Ojea e Tellado (2018) elaboran unha escala para completar os ítems condutuais do trastorno, conformando a Escala de Integración Semántica (EIS), que facilita a cuantificación percentil cuantitativa das diferentes fases do procesamento perceptivo-cognitivo nas persoas con TEA. Con todo, coa construción desta nova escala TID-TEA preténdese responder a un obxectivo de maior alcance, ao tratar de integrar, tanto os criterios cognitivos relacionados cos procesos sinápticos relacionais do procesamento psicolóxico cos parámetros observables condutuais actuais e facilitar a corrección de moitas conclusións diagnósticas que puidesen ser erróneas cando se realizan cunha única medida de test ou parámetros estritamente de tipo condutual.

Deseño da escala (TID-TEA)

A integración da escala conforma, por tanto, tanto dimensións condutuais, como os criterios nucleares do procesamento cognitivo, a cal está conformada por 27 variables, 24 variables dinámicas, que foron agrupadas en 6 dimensións xeradas estatisticamente mediante o proceso de cálculo de variables e 3 variables fixas: nivel de

TEA, idade e sexo dos participantes. As dimensións xeradas e a súa correspondencia coa agrupación estatística das variables é a seguinte:

- 1.1. DESENVOLVEMENTO: motricidade, linguaxe, desenvolvemento dos esfínteres e habilidades de vida.
- 1.2. COMUNICACIÓN: capacidade oral, tipo de ton, comunicación social e resposta aos sinais.
- 1.3. INTERACCIÓN: iniciación, contacto visual, comprensión social e gozo social.
- 1.4. COMPORTAMENTO: estereotipias, sensorialidade, pensamentos recorrentes, alteracións de conduta.
- 1.5. ATENCIÓN: atención e atención conxunta, creatividade, capacidade de ficción e imaxinación.
- 1.6. COGNICIÓN: percepción, codificación e elaboración de relacións, memoria semántica e recuperación.

Contido da escala

Cada unha das 6 dimensións indicadas foi observada mediante 10 tarefas. Cada unha das tarefas segue unha estrutura moi sistemática, así, para cada unha delas sinálase o obxectivo previsto, os materiais necesarios para levala a cabo, as actividades concretas que serán desenvoltas e os criterios de observación resultantes.

A escala comprende dúas fases: 1) a análise preliminar referida aos datos xerais do avaliado ou avaliada e as características básicas do proceso de desenvolvemento psico-evolutivo e/ou clínico, e 2) a aplicación da escala nun sentido estrito, cuxo contido poden verse en detalle en Ojea (2022).

PROCESO DE CODIFICACIÓN DAS OBSERVACIÓNS REALIZADAS

A partir das observacións sistemáticas anteriores, o avaliador/a responde aos seguintes ítems, indicando o valor que se corresponda coas observacións realizadas (0: non hai necesidade - 3: máxima necesidade), tanto, en relación coa análise preliminar, como con base na aplicación da escala, co fin de cuantificar as 6 dimensións do estudo (**rodear a numeración que se corresponda co criterio da observación**): 1) Desenvolvemento (A), 2) Comunicación (B), 3) Interacción (C), 4) Comportamento (D), 5) Atención e 6) Cognición (F) (ver Táboa 1).

Táboa 1. Codificación

A. DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN

A.1. Motilidade:

0.	Os primeiros pasos e o movemento autónomo para andar prodúcense dentro do tempo esperado (<12-15 meses).
1.	A motilidade prodúcese no tempo esperado, pero presenta niveis de rixidez motriz.
2.	Obsérvase un atraso evidente no inicio dos primeiros pasos.
3.	Unha vez iniciado o proceso de andar autonomamente, prodúcese un retroceso posterior evidente.

A.2. Linguaxe:

0.	As primeiras palabras adquírense no tempo estimado (24 meses). A construción de frases segue unha orde progresiva (<30 meses).
1.	As primeiras palabras adquírense con regularidade, pero prodúcese un atraso na construción de frases.
2.	Obsérvase un atraso marcado na adquisición da linguaxe.
3.	Unha vez iniciado o proceso de inicio das primeiras palabras e/ou frases, prodúcese un retroceso posterior evidente.

A.3. Control de esfínteres:

0.	O control xeral de esfínteres prodúcese no tempo estimado (<24-30 meses).
1.	O control de esfínteres diúrno prodúcese con regularidade, pero atrasase o control de esfínteres nocturno.
2.	Obsérvase un atraso evidente na adquisición do control dos esfínteres.
3.	Unha vez iniciada a adquisición do control de esfínteres, prodúcese un retroceso posterior evidente.

A.4. Outras habilidades:

0.	As habilidades de autonomía relativas á alimentación, aseo e vestido seguen un proceso regular progresivo.
1.	A autonomía desenvólvese con certa regularidade, pero obsérvanse especificidades/sensibilidades, que dificultan a alimentación ou outras tarefas da vida diaria.
2.	Obsérvase un atraso evidente na adquisición da autonomía de calquera destas habilidades.
3.	Unha vez iniciada a autonomía en calquera das áreas anteriores, prodúcese un retroceso posterior evidente.

B. COMUNICACIÓN E LINGUAXE

B.1. Linguaxe oral e/ou alternativo:

0.	Usa frases orais completas de forma adecuada.
1.	Posúe un fala oral fluída, pero é moi limitada, que compensa co uso de signos e/ou pictogramas.
2.	A fala limitase a dúas ou tres palabras orais, pero non constitúen unha frase completa. Complementábase co uso de signos e/ou pictogramas, pero tamén é moi limitado.
3.	A fala oral é ausente e a linguaxe por signos, imaxes e/ou pictogramas é moi escaso.

B.2. Características da fala:

0.	Entoación da fala variada e altamente expresiva.
1.	Hai pouca variación na entoación da fala e o volume.
2.	A fala vólvese lenta e con parsimonia, sen cambio de ton.
3.	Presenza ecolálica e repetitiva da linguaxe.

B.3. Comunicación social:

0.	Utiliza a linguaxe para comunicarse socialmente de forma espontánea.
1.	Ás veces ofrece información referida ás súas propias experiencias.
2.	A comunicación utilízase case sempre como resposta ás demandas dos demais e/ou do medio.
3.	Non ofrece información de forma espontánea, nin tampouco a pide.

B.4. Acción de sinalar para comunicar:

0.	Sinala co dedo para indicar algo desde a distancia e comunicar unha petición.
1.	Pode sinalar ocasionalmente algún obxecto.
2.	Sinala o obxecto cando se achega a este.
3.	Non se observou a acción de sinalar para comunicarse.

C. INTERACCIÓN SOCIAL

C.1. Iniciación social:

0.	Busca activamente a participación nunha interacción social recíproca.
1.	Realiza participacións propias no ámbito social, pero esta é limitada.
2.	A interacción social é máis como unha resposta ás esixencias do medio social.
3.	Non se realizan iniciacións sociais e a resposta social é moi limitada.

C.2. Contacto visual e manifestacións emocionais complementarias:

0.	A linguaxe verbal ou non verbal complementábase con expresións emocionais coherentes.
1.	Realiza contacto visual, pero apenas realiza cambios xestuais expresivos coherentes coa conversación.
2.	Hai contacto ocasional da mirada, pero non complementa a conversación con expresións emocionais coherentes.
3.	O contacto visual é moi escaso ou nulo, non hai expresións emocionais.

C.3. Comprensión da situación interactiva social:

0.	Comprende a situación interactiva social recíproca.
1.	Ten limitacións para comprender a situación social interactiva, pero cun pouco de axuda, é capaz de comprendela.
2.	Tendencia a comprender só unha parte do proceso interactivo, polo que pode mostrar un discurso non debidamente contextualizado en cada momento.
3.	Non comprende as interaccións sociais, polo que sempre leva a conversación á súa propia perspectiva e interese.

C.4. Gozar coa interacción social:

0.	Goza co contexto da interacción social iniciada.
1.	Goza coa situación social, pero, enseguida, realiza xestos de incomodidade coa situación.
2.	O gozo da situación límitase á súa achega persoal e parece ausente cando a participación corresponde aos demais.
3.	Non se observan mostras de gozo persoal durante a interacción social.

D. COMPORTAMENTOS RESTRINXIDOS E ESTEREOTIPADOS

D.1. Movementos estereotipados:

0.	Presenta unha motricidade dinámica e flexible.
1.	Non se observan movementos repetitivos, pero apréciase rixidez postural motriz.
2.	Obsérvase fricción reiterativa das mans durante a conversación.
3.	Presenta movementos repetitivos das mans na liña media do corpo e posturas motrices de rixidez nos dedos.

D.2. Aspectos sensoriais:

0.	Non se observan elementos sensoriais circunscritos de tipo compulsivo.
1.	Pode molestarlle o ruído, os cheiros e/ou as texturas, pero é capaz de manter o control atencional.
2.	As molestias sensoriais anteriores cáusanlle preocupación.
3.	Os estímulos sensoriais convértense en comportamentos obsesivo-compulsivos, que lle impiden levar o desenvolvemento cotián con normalidade.

D.3. Intereses referentes:

0.	Non presenta unha temática referente obsesiva e adáptase ás cuestións da interacción social.
1.	Presenta algunha referencia ocasional a temas propios, que deteñen o proceso interactivo temporalmente.
2.	Mostra comportamentos referentes a temas específicos propios, pero non perde o control atencional, aínda que se volve moi disperso.
3.	Está constantemente facendo referencia a temas específicos propios de forma repetitiva, que impiden a interacción social no contexto.

D.4. Conduta:

0.	A conduta é adaptada ás situacións e a idade do participante.
1.	Pode presentar unha reacción negativa temporal ante unha demanda esixente do medio.
2.	Obsérvanse reaccións de negación constantes cando se lle impide continuar coa actividade que é propia.
3.	Indícanse reaccións negativas con lesións cara aos demais e/ou poden producirse autolesións ocasionais.

E. ATENCIÓN CONXUNTA, CREATIVIDADE, FICCIÓN E IMAXINACIÓN

E.1. Atención conxunta:

0.	Mostra unha direccionalidade atencional cara o contexto-obxectivo.
1.	Dá mostras de atención conxunta cara ao estímulo ambiental, pero non de preocupación conxunta polos feitos.
2.	A direccionalidade atencional cara a outros estímulos é ocasional.
3.	Non hai evidencia de atención, nin preocupacións conxuntas aparentes polas verbalizacións ou accións dos demais.

E.2. Creatividade:

0.	Móstrase creativo/a dentro do esperado, de acordo coa idade.
1.	É capaz de crear un elemento ou actividade con axuda.
2.	A creatividade responde a características relacionadas cun xogo propio.
3.	Non dá mostra aparentes de creatividade.

E.3. Ficción:

0.	Posúe a capacidade de poñerse no lugar das demais persoas.
1.	Pode compartir as emocións dos demais, pero é limitada.
2.	Ocasionalmente, baixo demanda e con axuda, pode poñerse no lugar doutra persoa.
3.	Non se observan indicios da capacidade de poñerse no lugar doutras persoas.

E.4. Imaxinación:

0.	Improvisa e inclúe accións propias durante o desenvolvemento da interacción, que a enriquecen.
1.	Mostra algunhas improvisacións, pero de forma moi ocasional.
2.	Pode mostrar accións imaxinativas, pero con axuda e baixo demanda externa.
3.	Non se observan signos aparentes de imaxinación espontánea.

F. PERCEPCIÓN, CODIFICACIÓN E INTEGRACIÓN SEMÁNTICA

F.1. Percepción:

0.	A atención e a direccionalidade cara ao estímulo correspóndese co esperado.
1.	Dirixe a atención cara ao estímulo, pero, despois duns poucos segundos, desvía a atención.
2.	Dirixe a atención parcial cara ao estímulo, pero necesita axuda externa para percibilo.
3.	Parece ignorar a presentación dos estímulos novos do ambiente.

F.2. Codificación cognitiva:

0.	A codificación da información realízase de acordo co significado do estímulo e/ou o contido presentado.
1.	Presenta unha codificación con certo significado do contido, pero esta presenta limitacións para a súa comprensión como conxunto significativo.
2.	Para a comprensión e codificación do contido necesita axuda mediada intensa.
3.	A codificación realízase de acordo con aspectos moi concretos e illados do contido de información, que non permite a comprensión como totalidade.

F.3. Integración da información:

0.	Relaciona a información nova co contido anteriormente aprendido, integrando a información.
1.	Obsérvanse relacións adecuadas entre a información previa e a nova, pero só ao nivel de conceptos, non se observa entre categorías conceptuais amplas.
2.	Cada vez que se presenta unha nova información, necesita axuda mediada externa para relacionar a nova información coa anterior.
3.	Cada vez que se produce unha nova información, é necesario comezar a estrutura de aprendizaxe de novo, como se fose a primeira vez que se produce.

F.4. Recuperación:

0.	A información codificada recupérase de forma adecuada.
1.	A información codificada recupérase, pero obvia varios elementos, que parecen perdidos.
2.	Recupera a información de forma limitada e require unha axuda externa mediada para recuperala.
3.	A recuperación da información é moi local e parcial e non fai referencia ao contido global ou de conxunto do significado-obxectivo.

PUNTUACIÓN DA SUMA (μ) DO PROCESO DE CODIFICACIÓN ANTERIOR

Os valores asignados no proceso de codificación anterior convértense no seguinte apartado nas **puntuacións directas (PD)**, en relación coa cuantificación específica das 6 dimensións (ver Táboa 2).

Táboa 2: Puntuacións directas (PD)

DIMENSIÓN		PD
A	DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN	
A.1	Motilidade	
A.2	Linguaxe	
A.3	Control de esfínteres	
A.4	Outras habilidades	
	TOTAL	

B	COMUNICACIÓN E LINGUAXE	
B.1	Linguaxe oral/Linguaxe alternativa	
B.2	Características da fala	
B.3	Comunicación social	
B.4	Sinalar	
	TOTAL	
C	INTERACCIÓN SOCIAL	
C.1	Iniciación social	
C.2	Contacto visual e manifestacións emocionais complementarias	
C.3	Comprensión da situación interactiva social	
C.4	Gozar coa interacción social	
	TOTAL	
D	ATENCIÓN CONXUNTA, CREATIVIDADE, FICCIÓN E IMAXINACIÓN	
D.1	Atención conxunta	
D.2	Creatividade	
D.3	Ficción	
D.4	Imaxinación	
	TOTAL	
E	COMPORAMENTOS RESTRINXIDOS E ESTEREOTIPADOS	
E.1	Movimentos estereotipados	
E.2	Aspectos sensoriais	
E.3	Intereses referentes	
E.4	Conduta	
	TOTAL	
F	PERCEPCIÓN, CODIFICACIÓN E INTEGRACIÓN SEMÁNTICA	
F.1	Percepción	
F.2	Codificación cognitiva	
F.3	Integración da información	
F.4	Recuperación	
	TOTAL	

TRANSFORMACIÓN DA SUMA DOS PUNTOS DAS PUNTUACIÓNS DIRECTAS (PD) A PERCENTÍS (PC) PARA CADA DIMENSIÓN

Realizada a suma total das puntuacións directas de cada, é posible obter o valor percentil (PC), relativo ao diagnóstico do TEA, de acordo coas variables fixas utilizadas: 1) os intervalos de idade, e 2) o nivel de TEA.

1. CONCLUSIÓN DIAGNÓSTICA SEGUNDO OS INTERVALOS DE IDADE

A modo de exemplo, para os intervalos de idade comprendidos entre 3 e 5.5 anos e os 5.6 e 7.5 anos, que, a nivel escolar, constitúen a maioría dos inicios dos procesos de diagnóstico¹, indícanse as puntuacións da suma de frecuencias codificadas e as súas equivalencias en percentís de diagnóstico do TEA nas táboas 3 e 4 respectivamente.

Táboa 3. Intervalo de idade 3-5.5 anos.

INTERVALO DE EDAD: 3- 5:5 AÑOS									
PD									
PC	DESARROLLO	COMUNICACIÓN	INTERACCIÓN	COMPORTAMIENTO	ATENCIÓN	COGNICIÓN	PC		
5	6.50	3.25	3.25	4.25	3.25	3.25	5		
10	6.82	3.37	3.35	4.27	3.57	3.37	10		
15	8.61	4.06	3.90	4.41	5.36	4.06	15		
20	9.75	4.50	4.25	4.50	6.50	4.90	20		
25	9.75	4.50	4.25	4.50	6.50	6.00	25		
30	9.75	5.10	4.55	4.72	6.50	6.50	30		
35	9.75	6.20	5.10	5.13	6.50	6.50	35		
40	9.75	6.50	5.75	5.75	6.50	6.50	40		
45	9.75	6.50	6.43	6.43	6.50	6.50	45		
50	9.75	6.62	6.50	6.50	7.12	6.62	50		
55	9.75	6.75	6.61	6.50	7.80	6.78	55		
60	9.75	6.75	7.85	6.50	8.35	7.20	60		
65	9.75	6.86	8.75	6.95	8.90	7.83	65		
70	9.75	7.27	8.75	8.60	9.45	9.07	70		
75	9.75	7.50	9.00	9.50	9.75	9.75	75		
80	9.75	7.50	9.55	9.50	9.75	9.75	80		
85	9.75	7.58	9.75	9.58	9.75	9.75	85		
90	9.75	7.72	9.75	9.72	9.75	9.75	90		
95	9.75	7.75	9.75	9.75	9.75	9.75	95		
\bar{X}	9.4250	6.6000	6.7000	6.6750	7.5000	7.0750			

DIMENSIONES	PUNTUACIÓN MEDIA OBTENIDA	DIAGNÓSTICO TEA
I. DESARROLLO		≥9.42
II. COMUNICACIÓN		≥6.60
III. INTERACCIÓN		≥6.70
IV. COMPORTAMIENTO		≥6.67
V. ATENCIÓN		≥7.50
VI. COGNICIÓN		≥7.07
TOTAL		≥7.33

1 Outros intervalos de idade poden observarse en Ojea (2022, ob. cit.).

Táboa 4. Intervalo de idade 5.6-7.5 anos.

5:6- 7:5 AÑOS									
PD									
PC	DESARROLLO	COMUNICACIÓN	INTERACCIÓN	COMPORTAMIENTO	ATENCIÓN	COGNICIÓN			PC
5	6.50	3.25	3.25	4.25	3.25	3.25			5
10	6.82	3.45	3.35	4.27	3.57	3.37			10
15	8.61	4.55	3.90	4.41	5.36	4.06			15
20	9.75	5.25	4.25	4.50	6.50	4.90			20
25	9.75	5.25	4.25	4.50	6.50	6.00			25
30	9.75	5.62	4.55	4.72	6.50	6.50			30
35	9.75	6.31	5.10	5.13	6.50	6.50			35
40	9.75	6.60	5.75	5.75	6.50	6.50			40
45	9.75	6.73	6.43	6.43	6.50	6.50			45
50	9.75	7.00	6.50	6.50	7.12	6.62			50
55	9.75	7.26	6.61	6.50	7.80	6.78			55
60	9.75	7.40	7.85	6.50	8.35	7.20			60
65	9.75	7.53	8.75	6.95	8.90	7.83			65
70	9.75	7.67	8.75	8.60	9.45	9.07			70
75	9.75	7.75	9.00	9.50	9.75	9.75			75
80	9.75	7.75	9.55	9.50	9.75	9.75			80
85	9.75	8.10	9.75	9.58	9.75	9.75			85
90	9.75	8.65	9.75	9.72	9.75	9.75			90
95	9.75	8.75	9.75	9.75	9.75	9.75			95
\bar{X}	9.4250	6.6000	6.7000	6.6750	7.5000	7.0750			

DIMENSIONES	PUNTUACIÓN MEDIA OBTENIDA	PROBABILIDAD DIAGNÓSTICA TEA
I. DESARROLLO		≥9.42
II. COMUNICACIÓN		≥6.60
III. INTERACCIÓN		≥6.70
IV. COMPORTAMIENTO		≥6.67
V. ATENCIÓN		≥7.50
VI. COGNICIÓN		≥7.07
TOTAL		≥7.33

2. CÁLCULO DIAGNÓSTICO SEGUNDO O NIVEL DO TEA: PC E CONCLUSIÓN DIAGNÓSTICA

Neste mesmo sentido, é posible establecer o percentil diagnóstico en función da suma das puntuacións directas en función do nivel do TEA (ver táboas 5-7).

Táboa 5. Percentís correspondentes ao nivel TEA-1

NIVEL TEA-1 (n: 81)

	DESARROLLO	COMUNICACIÓN	INTERACCIÓN	COMPORTAMIENTO	ATENCIÓN	COGNICIÓN	TOTAL \bar{x}	
\bar{x}	9,06	5,12	4,61	5,48	5,33	5,04	5,77	
PC	5	6,50	3,25	3,25	4,25	3,25	3,25	3,96
	10	6,50	3,25	3,25	4,25	3,25	3,25	3,96
	15	6,50	3,25	3,25	4,25	3,25	3,25	3,96
	20	8,50	3,25	3,25	4,50	3,25	3,25	4,33
	25	8,50	3,25	3,25	4,50	3,25	3,25	4,33
	30	9,75	3,25	3,25	4,50	3,25	3,25	4,54
	35	9,75	4,25	3,50	4,50	4,25	3,25	4,92
	40	9,75	5,25	4,25	5,10	5,25	5,30	5,82
	45	9,75	5,25	4,25	5,25	5,25	5,50	5,87
	50	9,75	5,25	4,25	5,25	6,50	5,50	6,08
	55	9,75	5,25	4,25	5,35	6,50	5,50	6,10
	60	9,75	5,25	5,25	6,25	6,50	5,50	6,42
	65	9,75	5,72	5,25	6,25	6,50	6,50	7,70
	70	9,75	6,50	5,50	6,25	6,50	6,50	6,83
	75	9,75	6,50	5,50	6,50	6,50	6,50	6,87
	80	9,75	6,50	6,50	6,50	6,50	6,50	7,04
	85	9,75	6,50	6,50	6,50	6,50	6,50	7,04
90	9,75	7,25	6,50	6,50	7,75	6,50	7,37	
95	9,75	7,50	6,50	6,72	7,75	6,75	7,49	

Táboa 6. Percentís correspondentes ao nivel TEA-2.

NIVEL TEA-2 (n: 25)

	DESARROLLO	COMUNICACIÓN	INTERACCIÓN	COMPORTAMIENTO	ATENCIÓN	COGNICIÓN	TOTAL \bar{x}	
\bar{x}	9,55	6,85	8,19	7,67	7,63	7,48	7,89	
PC	5	7,05	3,25	3,25	4,25	3,25	3,25	4,05
	10	8,95	4,00	5,20	5,60	5,20	5,20	5,69
	15	9,75	5,62	6,72	6,50	6,50	6,50	6,93
	20	9,75	6,50	7,50	6,50	6,50	6,50	7,21
	25	9,75	6,50	7,50	6,50	6,50	6,50	7,21
	30	9,75	6,50	7,50	6,50	6,50	6,50	7,21
	35	9,75	6,50	7,50	6,50	6,50	6,50	7,21
	40	9,75	6,50	7,50	6,50	6,50	6,50	7,21
	45	9,75	6,50	8,37	6,50	7,20	6,50	7,47
	50	9,75	6,50	8,75	7,50	7,50	6,50	7,75
	55	9,75	7,05	8,97	7,50	7,57	6,80	7,94
	60	9,75	7,75	9,50	8,70	8,35	8,10	8,69
	65	9,75	7,75	9,50	9,50	8,75	8,72	8,99
	70	9,75	7,75	9,55	9,50	9,75	9,55	8,99
	75	9,75	7,75	9,75	9,50	9,75	9,75	9,31
	80	9,75	7,75	9,75	9,50	9,75	9,75	9,38
	85	9,75	7,75	9,75	9,52	9,75	9,75	9,38
90	9,75	8,55	9,75	9,75	9,75	9,75	9,55	
95	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	

Táboa 7. Percentís correspondentes ao nivel TEA-3

		NIVEL TEA- 3 (n: 18)						
		DESARROLLO	COMUNICACIÓN	INTERACCIÓN	COMPORTAMIENTO	ATENCIÓN	COGNICIÓN	TOTAL X
\bar{x}		9,68	8,70	9,18	8,90	8,70	8,97	9,02
PC	5	8,50	6,50	6,50	5,50	6,50	6,50	6,67
	10	9,62	6,50	6,50	6,40	6,50	6,50	7,00
	15	9,75	6,50	6,50	6,50	6,50	8,20	7,21
	20	9,75	7,50	8,90	8,10	6,70	8,50	8,24
	25	9,75	7,75	9,50	8,50	8,25	8,68	8,74
	30	9,75	7,75	9,67	9,20	8,75	8,75	8,98
	35	9,75	7,75	9,75	9,50	8,75	8,75	9,04
	40	9,75	8,35	9,75	9,50	8,75	8,75	9,30
	45	9,75	9,30	9,75	9,50	8,75	8,75	9,46
	50	9,75	9,75	9,75	9,50	8,75	9,25	9,61
	55	9,75	9,75	9,75	9,50	9,20	9,75	9,71
	60	9,75	9,75	9,75	9,50	9,75	9,75	9,71
	65	9,75	9,75	9,75	9,50	9,75	9,75	9,72
	70	9,75	9,75	9,75	9,57	9,75	9,75	9,75
	75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75
	80	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75
85	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	
90	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	
95	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	9,75	

As conclusións diagnósticas de acordo co nivel do TEA, en función da suma total da media estatística atopada son as seguintes (ver Táboa 8).

Táboa 8. Equivalencias das medias (μ) segundo o nivel de TEA.

<i>TOTAL (μ)</i>	<i>DIAGNÓSTICO TEA</i>
5.77- 7.88	TEA-1
7.89- 9.01	TEA-2
≥ 9.02	TEA-3

CONCLUSIÓNS

O modo específico de elaborar relacións neurais, que caracteriza o tipo particular do procesamento cognitivo da información nas persoas con TEA, constitúe unha dimensión nuclear para ter en conta nos criterios diagnósticos deste trastorno e que, precisamente, por este motivo, prodúcense moitas das condutas que son observables, caracterizadas pola rixidez estrutural, tanto de pensamento, como da emoción.

Polo cal, á beira das escalas e probas de diagnóstico tradicionais que están baseadas case exclusivamente na análise dos comportamentos-criterio observables, é necesario incrementar a investigación no ámbito do diagnóstico procesual psiconeu-

rolóxico característico das persoas con TEA, co fin complementar o proceso de diagnóstico específico e poder reducir os erros causados polos axustes de criterios de tipo condutual na actualidade.

Neste sentido, a Clasificación Internacional actual DSM-5 ha de superar as limitacións das dimensións recollidas no cadro diagnóstico do TEA e readaptar aos seus as dimensións de interacción e comunicación social e comportamentos estereotipados e restritivos, os novos avances na área do procesamento da información para garantir a fiabilidade do diagnóstico do TEA e recoller os condicionantes perceptivo-cognitivos e as particularidades da memoria semántica, que afecta, tanto á recepción da información, como á elaboración de relacións intrínsecas entre o novo estímulo e as aprendizaxes previas, o traslado da información á memoria permanente e a recuperación consecuenta da información desde a memoria semántica.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (2013). *Diagnostic and statistical manual of mental disorders* (fifth Ed.). American Psychiatric Publishing. <https://www.psychiatry.org/psychiatrists/practice/dsm>
- Brignell, A., Williams, K., Jachno, K., Prior, M., Reilly, S., & Morgan, A. T. (2018). Patterns and predictors of language development from 4 to 7 years in verbal children with and without Autism Spectrum Disorder. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 48(10), 3282-3295. <http://dx.doi.org/10.1007/s10803-018-3565-2>
- Carbone, P. S., Campbell, K., Wilkes, J., Stoddard, G. J., Huynh, K., Young, P. C., ... & Gabrielsen, T. (2020). Primary care autism screening and later autism diagnose. *Pediatrics*, 146(2): e20201467. <https://doi.org/10.1542/peds.2019-2314>
- Lord, C., Rutter, M., & Lle Couteur, A. (1994). Autism diagnose interview–revised: a revised version of a diagnostic interview for caregivers of individuals with possible pervasive developmental disorders. *Journal of Autism and Developmental Disorders* 24, 659-685. DOI: 10.1007/BF02172145
- Ojea, M. (2022). Integrated Scale for Diagnose of Autism Spectrum Disorder (ISD-ASD). *International Journal for Innovation, Education and Research*, 10(9), 202-274. <https://scholarsjournal.net/index.php/ijier/article/view/3906/2659>
- Ojea, M., & Tellado, F. (2018). Semantic Integration Evaluation Scale (SIS) for children with Autism Spectrum Disorder. *Open Access Journal of Addiction and Psychology*, 1(3), 1-6. https://irispublishers.com/oajap/article-in-press.php?fbclid=IwAR0ou8CzRwqkce_JuV_GWl6j49L1rqup84YRTlZoYJo5qJYk_Ou1VBYpoCoKM
- Rutter, M., Lle Couteur, A., & Lord, C. (2003). *Autism diagnostic interview revised (ADI-R)*. Os Angeles, CA: Western Psychological Services. DOI: https://doi.org/10.1007/978-1-4419-1698-3_894

EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DE NENOS DE MINORÍAS ÉTNICAS

Prithvi Perepa¹

Profesor asociado da Universidade de Birmingham UK

RESUMO

Neste artigo destácase a importancia de comprender a etnicidade e a cultura dentro do campo do autismo, explorando a oferta educativa no Reino Unido para resaltar algúns dos problemas experimentados polos nenos pertencentes a comunidades étnicas minoritarias, suxerindo algunhas das formas en que os profesionais poden mellorar a súa práctica ao recoñecer a cultura do neno e a súa familia. No campo do autismo, a miúdo ignoramos como os factores sociais, os económicos e os culturais impactan nas experiencias das persoas que teñen un diagnóstico de autismo ou nas súas familias. Con todo, estes factores poden ter unha influencia importante na vida dun individuo e mirar o autismo de forma illada sen recoñecer o contexto, non nos proporcionaría unha comprensión integral desa persoa.

Introdución

A cultura pódese definir como unha forma de vida, onde aprendemos a comportarnos, relacionarnos cos demais e a conducir o noso día a día con base en principios acordados dentro dunha comunidade. A aprendizaxe pode ser explícita, na que os nosos pais e mestres poden ensinarnos certas cousas, pero tamén podería ser implícita, na que aprendemos observando as persoas que nos rodean. Este proceso de aprendizaxe

- 1 O autor é profesor asociado de Autismo na Universidade de Birmingham e forma parte do Autism Center for Education and Research (ACER). Imparte clases sobre os módulos de autismo dentro da Escola de Educación. Ten moitos anos de experiencia traballando no campo do autismo en varias funcións na educación e nos servizos comunitarios antes de entrar na academia. Os seus intereses de investigación inclúen as experiencias familiares, a interseccionalidade do autismo e a cultura e o desenvolvemento de boas prestacións educativas para nenos no espectro do autismo. É autor de libros e artigos de revistas centrados nalgúns destes temas, entre eles o libro "Autismo, etnia e cultura".Dirixe un programa de posgrado de aprendizaxe a distancia en autismo.

xe a miúdo inflúe nos nosos valores, crenzas e actitudes. A miúdo, a nosa identidade cultural é unha parte importante do que cremos que somos.

Aínda que a cultura a miúdo se ve como unha descrición de diferentes grupos étnicos ou países, creo que con base na descrición anterior da cultura, podemos ver este concepto de xeito máis amplo. Por exemplo, a cultura pódese utilizar para definir unha identidade de grupo en función da súa discapacidade, como a cultura autista ou a cultura xorda. Tamén se pode utilizar para definir xénero e sexualidade, como movemento feminista ou homosexual.

A maioría dos individuos, polo tanto, poderían pertencer ou identificarse con máis dunha cultura nun momento dado. Isto é certo para as persoas que pertencen a unha comunidade étnica minoritaria en calquera país. É importante recordar isto, xa que os individuos de grupos étnicos minoritarios a miúdo se consideran un grupo homoxéneo con pouco recoñecemento das múltiples identidades que poden considerar importantes para eles mesmos.

Por que centrarse na etnicidade?

Pódese argumentar que dado que o autismo é unha condición do desenvolvemento neurolóxico, a etnicidade do individuo non debería importar. Con todo, a investigación do Reino Unido suxire que as taxas de prevalencia do autismo varían entre os diferentes grupos en función dunha variedade de factores, como a orixe étnica, os antecedentes socioeconómicos, e se unha persoa ten ou non o inglés como primeira lingua (Lindsay *et al.*, 2006; Perepa *et al.*, 2023 e Roman-Urrestarazu *et al.*, 2021). Estes estudos destacan que tales factores están conducindo tanto a unha sobreidentificación como a unha subidentificación do autismo en certos grupos. Existe unha conciencia emerxente en toda Europa de que tales diferenzas están presentes en función da demografía de cada país, (p. ex., El Bouk *et al.*, 2009; Hidalgo *et al.*, 2021 e Bosch *et al.*, 2022) na súa análise das condicións do neurodesenvolvemento en nenos españois atoparon que a etnia e a clase social parecen influír no diagnóstico de discapacidade intelectual, pero non no autismo. Se ben non atoparon diferenzas específicas baseadas na orixe étnica en relación co autismo, si mostran que os antecedentes culturais e sociais parecen influír na prevalencia de afeccións como o autismo ou as discapacidades intelectuais onde non existe un marcador biolóxico ou unha proba médica para un diagnóstico.

Aínda que se recoñecen diferentes taxas de prevalencia segundo a orixe étnica en varios países, non hai unha indicación clara de por que é así. Isto non é sorprendente considerando que aínda non temos unha causa definitiva para o autismo. Pode ser que haxa diferenzas na composición bioquímica entre varios grupos étnicos, pero tamén é posible que a diferenza se deba a como as familias de diferentes comunidades entenden o autismo e como o diagnostican os profesionais. Por exemplo, nalgúns idiomas non existe unha palabra para autismo ou o seu concepto do que se considera “normal” podería ser máis amplo que noutras culturas (Perepa, 2019). De xeito similar, algúns dos

investigadores (Norbury e Sparks, 2013 e Perepa, 2014) argumentaron que a diferenza na prevalencia podería deberse a diferenzas culturais nos comportamentos esperados de comunicación social, como mirar aos ollos, ensinar a sinalar ou usar terceiras persoas para referirse a un mesmo. Dado que o que se considera como habilidades sociais e de comunicación apropiadas varía segundo as diferentes culturas, os individuos de comunidades étnicas minoritarias poden ser percibidos como pertencentes ao espectro do autismo ou non, en función de canto comprendan os profesionais as diferenzas culturais nestas áreas e a comprensión da familia de normas esperadas na comunidade dominante. Tamén é posible que nalgunhas comunidades non se considere apropiado informar das dificultades do seu fillo. Por exemplo, (Blacher *et al.*, 2019) encontraron que había unha diferenza entre os pais latinoamericanos e os estadounidenses brancos en canto a como informaban do comportamento dos seus fillos. Dado que no diagnóstico de autismo a miúdo se inclúen os informes dos pais, é posible que tales patróns culturais, xunto coas diferenzas na comprensión do autismo, poidan conducir a taxas de diagnóstico máis baixas nalgunhas comunidades.

Incluso cando os nenos reciben un diagnóstico de autismo, as experiencias educativas dos nenos de comunidades étnicas minoritarias parecen variar das dos grupos étnicos maioritarios. Mirando o Reino Unido como exemplo, os datos do Departamento de Educación (2018) de Inglaterra mostran que existe unha alta probabilidade de que os estudantes do espectro do autismo sexan excluídos dos contornos escolares. A exclusión dunha escola significaría que o estudante non pode asistir a unha escola durante uns días ou, se se trata dunha exclusión permanente, é posible que deba mudarse a unha escola diferente. Incluso dentro dos estudantes con diagnóstico de autismo, as taxas de exclusión son máis altas se o neno pertence a unha comunidade étnica minoritaria, provinte dun ámbito socioeconómico máis baixo. Pertencer ás tres categorías parece aumentar as posibilidades dun evento de exclusión máis alto. Os datos suxiren ademais que a natureza do apoio que estes nenos reciben durante a súa exclusión tamén varía segundo a súa orixe étnica. Isto pon de relevo que o sistema educativo pode non ser tan equitativo como se esperaba. O autismo do neno, o seu xénero, a etnia, as habilidades lingüísticas e os antecedentes económicos contribúen á forma na que os profesionais da educación ven estes nenos, así como ao tipo de apoio que estes nenos reciben. É difícil dicir se este nesgo é consciente ou é o resultado da falta de comprensión e conciencia entre os profesionais do papel da cultura nun contexto educativo.

Comprender o autismo en diversos contextos

Ao longo dos anos, o campo do autismo desenvolveu unha serie de teorías dentro do campo da psicoloxía para explicar as características e comportamentos dos nenos e mozos no espectro do autismo. A universalidade de teorías como a teoría da falta de teoría da mente e as dificultades do funcionamento executivo foron aceptadas no campo do autismo e asumíuse que estas teorías poden axudarnos a comprender como pensan as persoas no espectro do autismo e como planean intervencións ou apoio en

consecuencia. Con todo, cando se realizaron estes estudos, a miúdo non tiveron en conta ningunha outra variable ademais do autismo do individuo. De feito, a maioría de estes estudos non brindan detalles demográficos sobre a orixe étnica ou as habilidades lingüísticas dos participantes.

Houbo certo interese recente nas experiencias de persoas bilingües ou multilingües no espectro do autismo. Un estudo realizado por (Peristeri *et al.*, 2021) atoparon que, en comparación cos nenos monolingües no espectro do autismo, os que eran bilingües se desempeñaron mellor nas probas de falsas crenzas da teoría da mente. É posible que isto ocorra en nenos bilingües, xa que deben ser conscientes das habilidades lingüísticas do seu oínte e, polo tanto, elixir coidadosamente o idioma apropiado para a audiencia adecuada. De xeito similar, outro estudo de (Romero e Uddin, 2021) atopou que os nenos bilingües no espectro do autismo tiñan mellores habilidades de funcionamento executivo que os monolingües. A explicación disto podería ser que cando un individuo é bilingüe, necesita usar habilidades inhibitorias con máis frecuencia cando está falando, xa que necesita tomar unha decisión consciente de non usar palabras dun idioma que non sexa o que está falando. A maioría dos estudos sobre bilingüismo e autismo baséanse en mostras pequenas e os resultados distan moito de ser concluíntes; con todo, expoñen a cuestión de que quizais o proceso de pensamento dos nenos bilingües pode ser diferente ao dos nenos monolingües.

Este coñecemento emerxente non influíu necesariamente nos xuízos profesionais, xa que varios profesionais que traballan no campo aínda aconsellan as familias bilingües que só usen un idioma cando falen cos seus fillos no espectro do autismo. Algunhas familias informaron que cando os nenos non están expostos ao seu idioma materno, non poden participar en discusións e actividades familiares, ou falar con algúns membros da súa familia que só falan un idioma (Kremer-Sadlik, 2005) e que isto pode impactar na súa identidade cultural (Howard *et al.*, 2019). Algúns investigadores tamén atoparon que os pais bilingües dubidan en usar máis dun idioma cos seus fillos debido ao status social do idioma dominante e porque senten que o seu fillo pode non ser capaz de aprender máis dun idioma (Howard *et al.*, 2019). Este medo ás habilidades dos nenos e ao posible impacto cognitivo a miúdo estivo influenciado polo asesoramento profesional. Se ben o bilingüismo pode ser un factor integral para as comunidades étnicas recen inmigradas, tamén pode ser un problema para os grupos étnicos existentes que viven en España, por exemplo, aqueles que falan galego e castelán.

Existe unha investigación limitada sobre o que sería unha boa práctica para traballar con nenos bilingües no espectro do autismo, pero a literatura existente suxire que é importante centrarse en ambos os idiomas (Thordardottir, 2020) para desenvolver as habilidades de comunicación do neno e a súa identidade cultural. Con todo, na actualidade existen moi poucos recursos ou estratexias para axudar os profesionais a apoiar os nenos bilingües no espectro do autismo. Como resultado, cando se debe tomar a decisión de utilizar medios de comunicación alternativos, os profesionais

adoitan optar polo idioma dominante. Tamén se toman decisións similares na escola cando se ensinan outras materias.

Como se pode mellorar a situación?

É evidente a partir da discusión anterior que os antecedentes culturais dun neno poden influír no seu acceso ao diagnóstico, á educación e ao apoio dispoñible. Se ben existe literatura emerxente que avoga pola importancia de recoñecer as diferenzas culturais e lingüísticas do neno en todas as etapas da prestación do servizo, tamén se recoñece que a maioría dos profesionais non senten que teñen as habilidades para satisfacer estas necesidades (Perepa *et al.*, 2023). Existe a necesidade de desenvolver competencia cultural profesional no campo do autismo. Por competencia cultural non quero dicir que todos os profesionais necesiten ter un coñecemento profundo de cada comunidade coa que están traballando. Máis ben, o que se necesita é unha conciencia de que a orixe étnica e lingüística dun individuo podería influír na súa experiencia do autismo. Esta aceptación da diversidade entre as persoas no espectro do autismo pode levarnos a reflexionar sobre os nosos propios valores culturais e como estes afectan os nosos xuízos profesionais. O que, pola súa vez, pode axudarnos a construír mellores relacións coas familias que poden ter sistemas de crenzas e prioridades diferentes ás nosas.

Dado que a investigación existente suxire que existen disparidades nas taxas de prevalencia do autismo, é importante que os profesionais involucrados no proceso de diagnóstico verifiquen a súa interpretación do comportamento do individuo cos seus familiares ou outras persoas de antecedentes culturais similares para establecer cales son as normas culturais dentro desa comunidade. Sen isto, existe o perigo de diagnóstico erróneo ou subdiagnóstico de autismo entre os nenos de comunidades étnicas minoritarias. Este proceso de verificación cruzada non só é relevante para os médicos, senón tamén para os profesionais que traballan noutros campos, como a educación. Como a investigación no campo suxire que é posible que algunhas persoas no espectro do autismo non poidan xeneralizar as habilidades aprendidas, o que un neno pode facer nun contorno escolar pode non ser representativo do que fai no fogar e, polo tanto, verificar coa familia sobre as habilidades do neno nun contexto diferente é importante. Isto vólvese especialmente importante cando as expectativas culturais e lingüísticas difiren entre o fogar e a escola e, polo tanto, as habilidades que require o neno tamén varían.

Dado que a comprensión cultural do autismo varía en todo o mundo, xunto co que se consideran habilidades importantes para que o neno aprenda, é probable que as preocupacións, expectativas e prioridades que teñen as familias dunha comunidade étnica minoritaria sexan diferentes das que poidan esperar os profesionais que non pertencen a esa mesma comunidade. Polo tanto, é importante non asumir o que as familias queren ou lles preocupa; e involucrar a familia nunha discusión aberta.

Tamén é importante ser consciente de que a xerarquía profesional é máis importante nalgunhas culturas que noutras. Isto significaría que á familia no lle resultará fácil expresar os seus puntos de vista a un profesional que se considera superior a eles. É necesario explorar formas alternativas de comunicación en lugar dunha estrutura de reunión formal en tales situacións. É posible que a diferenza nas visións do mundo signifique que negociar os obxectivos e o apoio acordados requira máis tempo e algúns axustes por parte dos profesionais.

Ao seleccionar obxectivos ou enfoques de intervención, os profesionais tamén deben reflexionar sobre a importancia destes para o individuo dentro do seu contexto cultural e social. Isto é especialmente certo para o adestramento en habilidades sociais, xa que están moi contextualizados. Pero este tamén pode ser o caso das habilidades de comunicación e as habilidades da vida diaria. Para algunhas persoas no espectro do autismo, as súas outras identidades, como a cultural, a relixiosa ou a sexual, poden ser máis importantes para eles. En tales casos, debemos brindar oportunidades para que estas persoas exploren estas identidades e proporcionarlles a información necesaria e os modelos apropiados que deben seguir, cando sexa posible.

A maioría dos enfoques do autismo desenvolvéronse con individuos monoculturais e, se ben poden considerarse enfoques baseados na evidencia, é posible que non sexan adecuados para nenos de comunidades étnicas minoritarias porque son contrarios aos modelos de traballo da súa familia. Novamente, é importante ser flexible e negociar os enfoques apropiados xunto cos membros da familia para garantir que a familia siga os enfoques e que se poida formar unha verdadeira colaboración coa familia. Tamén valería a pena reflectir canto o sistema escolar e as regras escolares recoñecen a diversidade dos estudantes que asisten á escola.

Conclusión

Acéptase que o autismo ocorre en todas as culturas e grupos étnicos. A nosa identidade está formada por diversos factores como a relixión, o idioma, a nacionalidade e a etnia. Con todo, a maior parte da investigación sobre o autismo non presta atención a estes factores ata hai pouco. Isto levounos a unha situación na que os profesionais que traballan no campo non teñen as habilidades ou os recursos necesarios para traballar de maneira efectiva con nenos de comunidades étnicas minoritarias. É necesario realizar máis investigacións para comprender as experiencias das persoas das comunidades étnicas minoritarias e as súas familias e desenvolver recursos baseados neste coñecemento. Mentres tanto, os profesionais que traballan con estes nenos e as súas familias deben ser máis conscientes do impacto dos seus propios valores, crenzas e actitudes culturais nos seus xuízos profesionais. Como a maioría das intervencións e enfoques do autismo tampouco se centraron nos aspectos da diversidade, é posible que se requira unha planificación e negociación coidadosas dos obxectivos e unha adaptación flexible das intervencións para proporcionar unha educación inclusiva sobre o autismo.

Bibliografía

- Blacher, J.; Stavropoulos, K. and Bolourian, Y. (2019) “Anglo-Latino differences in parental concerns and service inequities for children at risk of autism spectrum disorder”. *Autism*, 23(6), 1554-1562.
- Bosch, R.; Pagerols, M.; Rivas, C.; Sixto, L.; Bricollé, L.; Español-Martín, G.; Prat, R.; Ramos-Quiroga, J.A. and Casas, M. (2022) “Neurodevelopmental disorders among Spanish school-age children: prevalence and sociodemographic correlates”. *Psychological Medicine*, 52, 3062-3072.
- Department for Education Permanent and Fixed Term Exclusions in England: 2017 to 2018. <https://www.gov.uk/government/statistics/permanent-and-fixed-period-exclusions-in-england-2017-to-2018>
- El Bouk, S.; Boussaid, W.; Meerum Terwogt, M. and Koot, H. (2009) “Under-diagnosis and referral bias of autism in ethnic minorities”. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 39(1), 142-148.
- Hidalgo, P.; Moreso, N. and Canals Sans, J. (2021) “Autism spectrum disorder prevalence and associated sociodemographic factors in the school population: EPINED study”. *Autism*, 25 (7): 1999-2011.
- Howard, K.; Katsos, N. and Gibson, J. (2019) “The School Experiences of Bilingual Children on the Autism Spectrum: An Interpretative Phenomenological Analysis”. *Research in Developmental Disabilities*, 87: 9-20.
- Howard, K.; Gibson, J. and Katsos., N. (2021) “Parental Perceptions and Decisions Regarding Maintaining Bilingualism in Autism”. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 51:179-192.
- Lindsay, G.; Pather, S. and Strand, S. (2006) *Special educational needs and ethnicity: Issues of over- and under-representation. DfES Research Report 757*. Nottingham: Department for Education and Skills.
- Kremer-Sadlik, T. (2005). “To be or not to be bilingual: Autistic children from multilingual families”. In J. Cohen, K. T. McAlister, K. Rolstad & J. MacSwan (Eds.), in *Proceedings of the 4th International Symposium on Bilingualism* (pp. 1225-1234). Somerville, MA: Cascadilla Press.
- Norbury, C. and Sparks, A. (2013) “Difference or disorder? Cultural issues in understanding neurodevelopmental disorders”. *Developmental Psychology*, 49(1), 45-58.
- Perepa, P. (2014) “Cultural basis of social ‘deficits’ in autism spectrum disorders”. *European Journal of Special Needs Education*, 29 (3), 313-326.
- Perepa, P. (2019) *Autism, Ethnicity and Culture*, London: Jessica Kingsley Publishers
- Perepa, P.; Wallace, S. and Guldberg, K. (2023) *The experiences of marginalised families with autistic children*, Birmingham: University of Birmingham.

- Peristeri, E.; Baldimtsi, E.; Vogelzang, M.; Tsimpli I., and Durrleman, S. (2021) “The cognitive benefits of bilingualism in autism spectrum disorder: Is theory of mind boosted and by which underlying factors?”. *Autism Research*, 14 (1), 695-1709
- Roman-Urrestarazu, A.; Van Kessel, R.; Allison, C.; Matthews, F.; Brayne, C. and Baron-Cohen, S. (2021) “Association of Race/Ethnicity and Social Disadvantage With Autism Prevalence in 7 Million School Children in England”. *JAMA Pediatrics*. 175(6):e210054. doi:10.1001/jamapediatrics.2021.0054
- Romero, C. and Uddin, L. Q. (2021). “Bilingualism, executive function, and the brain: Implications for autism”. *Neurobiology of Language*, 2(4), 513-531
- Thordardottir, E. (2010) “Towards evidence-based practice in language intervention for bilingual children”. *Journal of Communication Disorders*, 43: 523-537
- Valicenti-McDermott, M.; Tarshis, N.; Schouls, M.; Galdston, M.; Hottinger, K.; Seijo, R.; Shulman, L. and Shinnar, S. (2013) “Language differences between monolingual English and bilingual English-Spanish young children with autism spectrum disorders”. *Journal of Child Neurology*, 28, 945-948

A ESTRATEXIA REXIONAL DE INTERVENCIÓN EN ZONAS DESFAVORECIDAS COMO MODELO INTEGRADO DE INTERVENCIÓN E TRANSFORMACIÓN DA CULTURA ORGANIZACIONAL DESDE O ENFOQUE DE ARQUITECTURA CAUSAL E *OUTSIDE-IN THINKING*: O CASO DE AUTISMO SEVILLA

Angélica Gutiérrez-González¹, Raúl Olmedo-Marín²
e Elena Cuesta-Pizarro³

Asociación de pais de persoas con trastornos do espectro do autismo
Autismo Sevilla

RESUMO

A Estratexia Rexional de Intervención en Zonas Desfavorecidas fomentou grandes innovacións na intervención social en Andalucía. Ademais de facilitar o desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral para persoas residentes en zonas desfavorecidas, puxo sobre a mesa a necesidade e a esixencia dun traballo colaborativo e en rede entre administracións públicas e entidades do terceiro sector de acción social, orientado á transformación comunitaria. Esta filosofía transformadora transcendeu e permeou cara ás organizacións e a súa cultura, a través do enfoque de arquitectura causal, promovendo un modelo integrado de intervención. Nas seguintes liñas expónse a experiencia de Autismo Sevilla desde a súa participación no deseño dos plans locais ata a execución dos proxectos enmarcados na estratexia, destacando os seus resultados clave.

Palabras clave: ERACIS, Arquitectura Causal, Cultura organizacional, Enfoque *outside-in thinking*, Innovación

- 1 Angélica Gutiérrez González é diplomada en Traballo Social, licenciada en Antropoloxía Social e Cultural, máster en Ciencias Sociais e Intervención Social e doutora en Ciencias Sociais. Actualmente é a responsable da Área de Proxectos de Autismo Sevilla: angelicagutierrez@autismosevilla.org
- 2 Raúl Olmedo Marín é avogado e máster en Xestión de Entidades non Lucrativas. Na actualidade é o responsable de Organización e Sistemas de Autismo Sevilla.
- 3 Elena Cuesta Pizarro é graduada en Traballo Social e máster en Políticas Sociais e Dependencia. Actualmente é a coordinadora do Proxecto ERACIS de Autismo Sevilla.

Introdución

A comunidade andaluza estivo historicamente comprometida cunha política social que busca reducir as desigualdades e promover a igualdade de oportunidades. Desde a aprobación do primeiro Estatuto de autonomía para Andalucía (1981) e a través dos diferentes desenvolvementos normativos tratouse de mellorar a educación, a saúde e o sistema de servizos sociais, co obxectivo de protexer os sectores máis vulnerables da sociedade. Con todo, en Andalucía, hai zonas nas que, polas súas especiais características, os resultados destas políticas foron insuficientes. Isto obrigou a desenvolver unha serie de medidas extraordinarias que, coordinadas entre si, buscan unificar os recursos dispoñibles para abordar estas desigualdades nas zonas máis desfavorecidas da rexión andaluza. Entre elas, pode destacarse o antigo Plan de barriadas de actuación preferente¹, as zonas con especial problemática social e as zonas con necesidades de transformación social², cuxos obxectivos eran posibilitarlle á poboación os mecanismos necesarios para a promoción e o desenvolvemento das súas capacidades; darlles resposta ás carencias e necesidades; e detectar as barriadas que necesitan estas accións priorizando en razón de urxencia dos problemas que lles afectan.

Desde a súa constitución en 1978, Autismo Sevilla, como asociación provincial de nais e pais de persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (en diante TEA), veu prestando servizos dirixidos a persoas no espectro do autismo e as súas familias, de maneira específica e individualizada. Ben a través da intervención psicosocial ou logopédica personalizada, ben como usuarias de servizos (educativo, terapéutico, de lecer e tempo libre, de respiro familiar e de orientación laboral e prelaboral), o foco estivo sempre na persoa con autismo e a súa familia, como unidade básica de atención e intervención (Casado e Guillén, 1986; Gómez, 2016; Díaz Jiménez, 2018), sen considerar as familias nun contexto máis amplo e sen coordinar outras actuacións específicas que poidan darse ao mesmo tempo no ámbito familiar (garantía alimentaria, infravivenda, desemprego, toxicomanías, entre outras) de maneira integral. Estas accións tiveron, por tanto, impactos exclusivos a nivel individual e familiar, sendo irrelevantes e invisibles na comunidade máis próxima.

A partir de 2018, comeza o deseño da Estratexia Rexional Andaluza para a Cohesión e Inclusión Social (en diante, ERACIS)³ que dá como resultado a elaboración dos plans locais en centenas de municipios de Andalucía.

1 Plan de barriadas de actuación preferente (1989) Dispoñible en liña: <https://www.juntadeandalucia.es/boja/1989/79/1>. Recuperada o 18/04/2023.

2 Zonas con especial problemática social (1993) e zonas con necesidades de transformación social (1998) Dispoñible en liña: https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/Presentacion_proyecto.pdf. Recuperada o 18/04/2023.

3 Estratexia Rexional Andaluza para a Cohesión e Inclusión Social (2018). Dispoñible en liña: https://www.juntadeandalucia.es/sites/default/files/2020-12/Estrategia_Regional_Cohesion_Social-web.pdf. Recuperada o 18/04/2023.

Os puntos máis relevantes da ERACIS son:

- 1.- Enfoque territorial: enfócase en zonas urbanas específicas, seleccionadas en función dunha serie de indicadores socioeconómicos e demográficos que apuntan a unha situación de exclusión social.
- 2.- Enfoque integral: aborda a exclusión social de maneira integral, abarcando aspectos como o acceso ao emprego, a educación, a vivenda, a saúde e a seguridade.
- 3.- Coordinación interinstitucional: lévase a cabo a través da coordinación de diferentes administracións públicas e axentes sociais, como os concellos, a Xunta de Andalucía, as organizacións non gobernamentais e as empresas.
- 4.- Participación cidadá: promove a participación cidadá como un elemento clave para lograr unha intervención efectiva e sustentable na loita contra a exclusión social.
- 5.- Investimento económico: conta cun investimento económico significativo para a realización de proxectos e programas específicos nas zonas seleccionadas, así como para a formación e capacitación de profesionais que traballan na estratexia.

En ERACIS defínense as zonas de actuación como: “aqueles espazos urbanos claramente delimitados, en cuxa poboación concorran situacións estruturais de pobreza grave e marxinación social, e nos que sexan significativamente apreciábeis problemas nas seguintes materias:

- Vivenda, deterioración urbanística e déficit de infraestrutura, equipamento e servizos públicos.
- Elevados índices de absentismo e fracaso escolar.
- Altas taxas de desemprego xunto a graves carencias formativas profesionais.
- Significativas deficiencias hixiénico-sanitarias.
- Fenómenos de desintegración social. (ERACIS, 2018)

A ERACIS pon en marcha unha nova forma de intervención asentada no enfoque integral e comunitario desde unha perspectiva comprensiva da complexidade da exclusión social como proceso. En particular, a elaboración da estratexia coincide en moitos municipios coa preparación de plans sectoriais, como o Plan local de saúde⁴ da cidade de Sevilla, que mostra ademais datos moi significativos respecto de persoas

4 Disponible en liña: <https://www.sevilla.org/servicios/servicio-de-salud/plan-de-salud/plan-local-de-salud-sevilla-y-distritos-municipales>. Recuperado o: 18/04/2023.

en situación de dependencia e persoas con grao de discapacidade recoñecido, o que converte a estas variables en elementos clave para ter en conta. Isto unido á participación das entidades sociais como eixe para a implantación da estratexia, propicia que Autismo Sevilla sexa un axente activo no desenvolvemento tanto dos plans locais como do desenvolvemento da estratexia a nivel provincial.

Entendendo a discapacidade como un fluxo sistémico

A gran maioría das organizacións sen fins de lucro de acción social operan en silos sectoriais e enfócanse en problemas sociais específicos, o que limita a súa capacidade para abordar a dinámica social subxacente que contribúe a eses problemas (Díaz Velázquez, 2008; Iáñez, 2009; Gómez, 2016; Díaz Jiménez, 2018). É dicir, o habitual é que as organizacións de atención á discapacidade desempeñen un papel vital na promoción de cambios substantivos e duradeiros nos sistemas nos que se sitúan os problemas específicos da discapacidade. Estas organizacións normalmente dedícanse a proporcionarlles servizos e apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias, e tamén traballan para influír nas políticas e prácticas sociais que lles afectan ás persoas con discapacidade. Isto significa traballar en colaboración con outros actores clave, como gobernos, empresas, organizacións da sociedade civil e a comunidade en xeral, centrándose especificamente en problemas e dificultades do colectivo. Pero que ocorrería se unha organización específica de atención a persoas con TEA se introduce como actor principal en dinámicas de construción de redes de veciñanza e na promoción de cambios sistémicos mediante arquitectura causal?

A arquitectura causal (Pearl, 2009; 2018) é un enfoque analítico que identifica os factores clave que contribúen a un problema social e como interactúan entre si. Ao comprender os factores subxacentes e como interactúan, as organizacións poden deseñar intervencións máis efectivas e sustentables. Por exemplo, a exclusión social das persoas con TEA pode ser o resultado dunha variedade de factores, incluída a falta de acceso a servizos básicos como a atención médica e a educación, así como a discriminación e o estigma social. Ao utilizar a arquitectura causal, as organizacións de atención á discapacidade poden identificar os factores clave que contribúen á exclusión social e deseñar intervencións que aborden estes factores de maneira integrada. Ademais, as organizacións poden traballar para construír alianzas e colaborar con outras organizacións que traballan en temas relacionados. Isto pode axudar a abordar a dinámica social subxacente que afecta as persoas con TEA e promover un cambio sistémico a nivel social. Coa participación no deseño e na execución dos plans locais de intervención en zonas desfavorecidas, Autismo Sevilla propón impulsar ese cambio sistémico baseado en arquitectura causal que se alimenta da súa participación directa e activa na construción de redes de veciñanza. As organizacións de atención á discapacidade teñen unha posición única para abordar estes desafíos e mellorar a dinámica social subxacente que lles afecta ás persoas con discapacidade. Se a discapacidade a fai o contexto social e a falta de adaptación dos sistemas á condición e

características das persoas, debemos afrontar esas dinámicas para mellorar a calidade de vida e as políticas de igualdade respecto das persoas con discapacidade. Desta forma, mediante a súa participación na ERACIS e nos plans locais, Autismo Sevilla expón os seguintes ingredientes:

1. O ámbito de discapacidade, e especificamente a atención de persoas con TEA, é un sector xerador neto de emprego no marco da economía dos cuidados⁵ no que non é fácil atopar persoal especializado.
2. Os TEA son unha discapacidade invisibilizada socialmente con grandes dificultades diagnósticas e de atención, especialmente nas zonas desfavorecidas.
3. As organizacións de atención a persoas con discapacidade, no marco do modelo social e de dereitos, deben considerar prioritaria a intervención no contexto para que a construción de redes incorpore de inicio a accesibilidade, inclusión, a equidade e a diversidade como principios intrínsecos da arquitectura.
4. A poboación residente en zonas desfavorecidas sofre un nivel de desemprego e precariedade laboral máis altos que a media, debido principalmente a menores oportunidades de formación, a maiores dificultades de conciliación e a que, polo xeral, son persoas en situación *Non Take-Up* (NTU)⁶. Esta cuestión evidénciase nos datos do mencionado Plan local de saúde da cidade de Sevilla, onde se mostra como a poboación en situación de dependencia recoñecida oficialmente e que recibe prestacións do catálogo de prestacións da Lei de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia, é notablemente inferior en zonas desfavorecidas, en comparación con outras zonas da cidade. É dicir, non é que haxa menos poboación nesta situación de dependencia, senón que non o solicitan.
5. A complexidade das problemáticas que enfrenta a poboación residente en zonas desfavorecidas impide priorizar a atención da discapacidade. Loxicamente, se non está garantida polo menos unha comida ao día, vivimos en pobreza enerxética, situación de privación material severa ou existen problemas de adiccións ou coa xustiza, a discapacidade non é o principal problema do fogar.
6. Os sistemas de protección social e as estruturas veciñais son nodos convertibles en *hubs* que intensifiquen as conexións e a densidade de relacións. Cantos máis nodos teña unha rede e maior densidade teñan as súas conexións, máis fortes serán os sistemas de protección das persoas en situación de vulnerabilidade.

5 Plan de recuperación, transformación e resiliencia (2021). Dispoñible en liña: <https://planderecuperacion.gob.es/politicas-y-componentes/nueva-economia-de-los-cuidados-y-politicas-de-empleo>. Recuperado o 18/04/2023.

6 Enténdese por persoas en situación *Non Take-Up* (NTU) aquelas que non son tomadoras da prestación para a que son potencialmente elixibles (EAPN, 2022).

O enfoque *outside-in thinking*: clave para o cambio de cultura organizacional

A antropoloxía das organizacións (López, 2017) é unha rama da antropoloxía social que se enfoca en estudar as organizacións humanas, desde unha perspectiva cultural. Esta disciplina busca comprender as complexas interaccións que se dan no interior das organizacións, así como as relacións entre os individuos e os grupos que as conforman, co obxectivo de identificar as dinámicas e os procesos culturais que inflúen no seu funcionamento.

Destá forma, búscase obter unha comprensión máis profunda e holística das dinámicas organizacionais, o que pode axudar a identificar oportunidades de mellora e a desenvolver estratexias máis efectivas para a xestión das organizacións. Neste sentido, as organizacións poden clasificarse como:

1. Organizacións *cara a dentro*, aquelas que tenden a centrar a súa atención e recursos nos seus propios obxectivos internos, como a eficiencia, a rendibilidade, a produtividade, o crecemento interno, a cultura organizacional, entre outros. Estas organizacións adoitan estar máis orientadas cara á xestión interna dos seus recursos, e poden ter menos interacción coa súa contorna externa.
2. Organizacións *cara a fóra*, as organizacións que se preocupan polas súas contornas máis próximas son aquelas que consideran importante establecer unha relación positiva coa contorna na que operan, incluída a comunidade local e outros grupos de interese. Estas organizacións poden ter un maior enfoque na responsabilidade social e ambiental, e poden buscar formas de contribuír ao benestar da súa comunidade e do medio ambiente.

En xeral, estas últimas, tenden a ter unha visión máis ampla e a longo prazo, e poden estar máis abertas a colaborar con outros actores da contorna para lograr obxectivos comúns. O pensamento de fóra cara a dentro (en inglés, *outside-in thinking*) é unha forma de abordar a xestión das organizacións que se enfoca nas necesidades, expectativas e demandas dos clientes e outros grupos de interese externos á organización (Manning e Bodine, 2012). En lugar de partir dos obxectivos e recursos internos da organización, o pensamento de fóra cara a dentro comeza por analizar e comprender o contexto externo no que opera a organización, para logo adaptar e axustar a súa estratexia e operacións para satisfacer as necesidades e expectativas dos clientes e outros grupos de interese. Este enfoque busca poñer o cliente no centro das decisións da organización, e pode axudar a identificar oportunidades de innovación e mellora na forma en que a organización interactúa coa súa contorna (Goodman, 2014). Baséase na idea de que, para ter éxito a longo prazo, as organizacións deben comprender e adaptarse continuamente ás necesidades e expectativas dos seus clientes e outros grupos de interese externos (Ries, 2017). Este enfoque implica a recompilación de información e a retroalimentación constante dos clientes e outros grupos de interese, así como a capacidade de adaptarse e axustarse rapidamente aos cambios no mercado

e na contorna empresarial. Algúns dos beneficios do pensamento de fóra cara a dentro inclúen unha maior satisfacción do cliente, a súa fidelidade do cliente, o crecemento da organización, a mellora da eficiencia e a construción dunha reputación positiva e unha marca forte (Manning e Bodine, 2012; Goodman, 2014; Ries, 2017). Sen dúbida, a crise sanitaria da Covid-19 tivo un impacto significativo nas organizacións sen ánimo de lucro e moitas delas tiveron que adaptarse rapidamente a unha situación cambiante para continuar prestando servizos vitais ás comunidades que atenden. E o caso de Autismo Sevilla non foi diferente. Co deseño e a implantación do proxecto ERACIS, Autismo Sevilla viviu a súa propia metamorfose: de organización *cara a dentro* a organización *cara a fóra*, impulsando unha cultura organizacional que busca adaptar e axustar a estratexia e as operacións da organización para satisfacer as necesidades e expectativas dos clientes e outros grupos de interese externos, co obxectivo de mellorar a relación con eles e o rendemento da organización.

A súa participación na estratexia supuxo comprender mellor as necesidades e expectativas da comunidade da que forma parte, e adaptar os seus programas e servizos para satisfacer esas demandas.

A construción de redes de relacións en veciñanzas como resposta efectiva para abordar as dinámicas sociais subxacentes que afectan as persoas con TEA: resultados clave.

Mediante a súa participación en ERACIS e os plans locais, Autismo Sevilla impulsou cinco actuacións concretas, baseadas no desenvolvemento sistémico e a arquitectura causal:

Actuacións	Subactuacións
1. Constitución de equipos multidisciplinares	
2. Detección de poboación TEA en zonas desfavorecidas	a. Formación específica de detección a sistemas de saúde, educación, emprego e servizos sociais.
	b. Poboación beneficiaria dos itinerarios individualizados de inserción sociolaboral.
	c. Programa de bolsas que permita a total gratuidade da elaboración de informes de diagnóstico e orientación.
	d. Puntos de información sobre o TEA establecido de forma permanente en zonas.
3. Desenvolvemento comunitario, interlocución con asociacións veciñais, culturais, peñas e líderes de barrios. Impulso de actividades comunitarias e integración en actividades veciñais	
4. Intermediación laboral	
5. Participación en mesas locais de participación e coordinación interadministrativa	

Táboa 1. Actuacións e subactuacións levadas a cabo en ERACIS por Autismo Sevilla. Fonte: elaboración propia.

Os resultados clave en cada unha das actuacións e subactuacións son os seguintes:

- 1.- Constitución de equipos multidisciplinares en cada zona para o desenvolvemento de itinerarios individualizados de inserción sociolaboral, de poboación desempregada residente en zonas desfavorecidas, na economía dos cuidados e, especificamente, na atención e cuidados de persoas con TEA. Mediante o desenvolvemento de accións formativas, prácticas, visitas a institucións e centros sociosanitarios, orientación e intermediación. Durante as dúas convocatorias de ERACIS, o número de equipos constituídos foron 7 cun total de 26 profesionais da rama de ciencias sociais (traballo social, psicoloxía, pedagogía, educación social).
- 2.- Detección de poboación con TEA en zonas desfavorecidas mediante a activación de diferentes antenas:
 - a. Formación específica de detección a sistemas de saúde, educación, emprego e servizos sociais.
 - b. Poboación beneficiaria dos itinerarios individualizados de inserción sociolaboral.
 - c. Programa de bolsas que permita a total gratuidade da elaboración de informes de diagnóstico e orientación.
 - d. Puntos de información sobre o TEA establecido de forma permanente en zonas.

No apartado 2a, formación específica de detección a sistemas de saúde, educación, emprego e servizos sociais, formáronse profesionais que pertencen ao terceiro sector e aos sistemas públicos de protección social co obxectivo de que toda persoa teña coñecementos básicos sobre as persoas con TEA e que poidan realizar as derivacións oportunas. Realizáronse catro tipos de formacións cada unha cunha duración de 2 horas, e nelas participaron un total de 828 persoas, con 712 mulleres e 116 homes divididas en:

- Detección en TEA un total de 655 persoas, destas 574 foron mulleres e 81 homes.
- Saúde e TEA para persoal que está a traballar en centros de saúde un total de 110 persoas, destas 85 son mulleres e 25 son homes.
- Lecer para persoas que traballan neste ámbito cun total de 29 persoas, das que 23 son mulleres e 6 homes.
- Muller e TEA un total de 34 persoas, das que 30 son mulleres e 4 homes.

Formación a profesionais de sistemas de protección social e terceiro sector			
	Home	Muller	TOTAL
Detección en TEA	81	574	655
Saúde e TEA	25	85	110
Lecer	6	23	29
Muller e TEA	4	30	34
Total	116	712	828

Táboa 2. Participantes nos cursos de formación a profesionais. Fonte: elaboración propia.




Gráfico 1. Participantes nos cursos de formación a profesionais. Fonte: elaboración propia.

No apartado 2b, poboación beneficiaria dos itinerarios individualizados de inserción sociolaboral, leváronse a cabo 23 edicións do Curso de atención directa, en modalidade en liña. O obxectivo desta formación é adquirir coñecementos para unha boa práctica, ética e de calidade no ámbito da discapacidade en xeral e do autismo en particular, cunha duración de 60 horas teóricas. Un total de 629 persoas terminaron a formación con éxito, destes, 90 son homes e 539 mulleres.

Curso de atención directa a persoas con discapacidade	
Home	90
Muller	539
Total	629

Táboa 3. Participantes nos cursos de atención directa. Fonte: elaboración propia.



Gráfico 2. Participantes nos cursos de atención directa.
Fonte: elaboración propia.

Con respecto ao apartado 2c, o desenvolvemento dun programa de bolsas que permita a total gratuidade da elaboración de informes de diagnóstico e orientación, desde Autismo Sevilla foi unha prioridade diagnosticar e ofrecerlles apoios ás persoas e familias de persoas con TEA, motivo polo cal se atenderon a familias con algún membro con TEA residentes en zonas desfavorecidas, sen custo ningún para elas. Así un total de 89 familias foron acompañadas nestes procesos e realizáronse actuacións de asesoramento a 72 familias e 17 diagnósticos.

No apartado 2d, leváronse a cabo 5 puntos de información.

3. No apartado 3, Desenvolvemento comunitario, interlocución con asociacións veciñais, culturais, peñas e líderes de barrios. Impulso de actividades comunitarias e integración en actividades veciñais. Realizáronse talleres de sensibilización comunitaria, alcanzáronse a 2.087 persoas:

- Día discapacidade 455 persoas
- Día de Síndrome de Asperger de 210 persoas
- Día do Autismo de 1.422 persoas

Talleres de sensibilización	
Día discapacidade	455
Día da síndrome Asperger	210
Día do Autismo	1.422
Total	2.087

Táboa 4. Persoas alcanzadas polas accións de sensibilización.
Fonte: elaboración propia.



Gráfico 3. Persoas alcanzadas polas accións de sensibilización.
Fonte: elaboración propia.

4. No apartado 4, Intermediación laboral, interlocución con empresas de cada zona. Unha parte moi importante no proxecto foi a intermediación con empresas, e sobre todo, que coñezan a Autismo Sevilla. A verdadeira implantación provincial realízase a través de cada un dos municipios presentes na provincia e iso implica visitar, promover reunións e que, a partir destas, se xeren impactos. Así, contactouse con máis de 100 empresas en total e realizáronse uns convenios de colaboración de 46 empresas.

5. No apartado 5, participación en mesas locais de participación e coordinación interadministrativa como mesas de emprego, saúde, educación, infanciaetc. Participouse 9 mesas e en 160 reunións divididas da seguinte maneira:

- Comisións locais, 10 reunións
- Saúde, 12 reunións
- Emprego, 25 reunións
- Menores, 17 reunións
- Educación, 11 reunións
- Terceiro sector, 5 reunións
- Servizos sociais, 75 reunións
- Intervención sociofamiliar, 4 reunións
- Hábitat e convivencia 1 reunión

Mesas e reunións	
Comisións locais	10
Saúde	12
Emprego	25
Menores	17
Educación	11
Terceiro sector	5
Servizos sociais	75
Intervención sociofamiliar	4
Hábitat e convivencia	1
Total	160

Táboa 5. Mesas e Reunións. Fonte: elaboración propia.




Gráfico 4. Mesas e reunións. Fonte: elaboración propia.

Conclusiones

- 1.- ERACIS como instrumento de política social abordou a exclusión social e a discriminación que afrontan as persoas con discapacidade ao mellorar o acceso a servizos e recursos básicos, alentando a inclusión e a participación social e reducindo o estigma e a discriminación, á vez que consolidaban as estruturas de gobernanza dos propios barrios.
- 2.- A participación de Autismo Sevilla evidenciou que as políticas de reforma e a construción da rede de relacións de veciñanzas poden ser efectivas para abordar a dinámica social subxacente que afecta as persoas con TEA, promover un cambio sistémico na sociedade e evitar situacións *Non Take-Up* (NTU) que deven en exclusión.

- 3.- As políticas impulsadas coa estratexia ERACIS incluíron medidas para mellorar o acceso á atención médica, á educación e ao emprego para as persoas con TEA e as súas familias.
- 4.- Desde Autismo Sevilla fomentouse a inclusión social e a participación na comunidade local, as persoas con discapacidade e as súas familias puideron estar máis integradas e conectadas coa súa contorna, o que, sen dúbida, repercutiu favorablemente en fortalecer as súas redes de apoio e a accesibilidade aos sistemas de protección social.
- 5.- A construción da rede de relacións de veciñanzas tamén axudou a reducir o estigma e a discriminación cara ás persoas con discapacidade ao fomentar a educación e a conciencia sobre a discapacidade e as capacidades das persoas con TEA.
- 6.- O enfoque de arquitectura causal e *outside-in thinking* facilitou a transformación da cultura organizacional de Autismo Sevilla, historicamente conformada como organización *cara a dentro*, para construírse de maneira innovadora nunha organización *cara a fóra*, con implantación real no territorio e sinerxías simbióticas que enriquecen e reforzan o tecido asociativo na provincia de Sevilla.

Bibliografía

- Casado, D. e Guillén, E. (1986) Os servizos sociais en perspectiva histórica. *Documentación social*, 64, 9-22.
- Díaz Jiménez, R. (2018) Evolución do movemento asociativo de persoas con discapacidade intelectual en España. *Actas de Coordinación Sociosanitaria* n.º 22:43-71.
- Gómez Bernal, V. (2016) A discapacidade organizada: antecedentes e traxectorias do movemento de persoas con discapacidade. *Historia Actual Online*, 39 (1), 2016: 39-52.
- Goodman, J. A. (2014) *Customer Experience 3.0: High-Profit Strategies in the Age of Techno Service*. AMACOM.
- López, Sergio D. (2017) *Antropoloxía da Empresa*. Edicións Bellaterra.
- Manning, H. e Bodine, K. (2012) *Outside In: The Power of Putting Customers at the Center of Your Business*. Editorial Brilliance Corp.
- Pearl, J. (2009). *Causality*. Cambridge University Press.
- Pearl, J. (2018). *The Book of Why: The New Science of Cause and Effect*. Basic Books.
- Ries, E. (2017) *The Lean Startup: How Today's Entrepreneurs Use Continuous Innovation to Create Radically Successful Businesses*.

O ROL DO PSIQUIATRA PSICOTERAPEUTA NO ACOMPANHAMENTO E TRATAMENTO DO PACIENTE CON AUTISMO

Tali Vaimberg Lombardo¹

RESUMO

O autismo ou os autismos, tal como actualmente os denominamos, como alteración neurobiolóxica e que afectan o sistema nervioso e o funcionamento cerebral, sobre os cales descoñecemos as súas causas e orixes, salvo a implicación xenética dalgúns casos, son actualmente unha condición de vida ou unha neurodiversidade, que non podemos curar, que se manifestan e con necesidades que cambian en cada unha das etapas da súa vida conxuntamente ás experiencias e apoios adquiridos. Un dos tratamentos que podemos utilizar son os psicofármacos, como sostén dalgúns síntomas ou comorbilidades. O modo de administrar, pensar e acompañar a toma de tratamento psicofarmacolóxico, vai ser diferente en tanto que este sexa pensado desde o rol do psiquiatra psicoterapeuta de orientación dinámica.

Palabras clave: Autismo. Psiquiatría e Psicoterapia psicodinámica. Psicofarmacoloxía.

Introdución

O autismo é unha condición moi heteroxénea que require, como clínicos, formación na comprensión mental do funcionamento do paciente, experiencia na observación de casos e coñecemento do desenvolvemento dunha persoa tanto na primeira in-

1 Licenciada en Medicina na Universidade de Barcelona. Ten dobre titulación de especialista en Psiquiatría de Adultos e Psiquiatría Infanto-Xuvenil. Título de psicoterapeuta de orientación psicodinámica recoñecido polo Colexio Oficial de Médicos de Barcelona. Con formación e titulacións en Psicoterapia Grupal e Psicodrama. Ten experiencia na rede de saúde mental pública catalá e en educación. Estudos específicos en trastorno do espectro autista con capacitación para realizar psicodiagnóstico. Con formación e experiencia en psiquiatría perinatal. Traballa como psiquiatra no Centro de Educación Especial Carrilet e é a coordinadora da Área de Infanto-Xuvenil no Centro de Psicoterapia Grup. Publicou un álbum ilustrado titulado *O Secreto da Lúa*.

fancia como nas distintas etapas da vida. Na miña práctica clínica, os últimos dez anos no Centro Educativo e Terapéutico de Carrilet, puiden ver infinidade de casos. Desde nenos, adolescentes ou adultos, francamente afectados con grandes impedimentos nas súas vidas, a outras que teñen unha vida autónoma que desde que descubriron a súa condición, puideron rescatar os aspectos positivos das súas diferenzas individuais para poder adaptarse favorablemente (1).

As dificultades que fun atopando ao longo da miña traxectoria, recaen en diversos factores. O aumento de prevalencia de casos e especificamente o aumento de detección de casos en persoas adultas que non foran diagnosticadas na infancia, o estudo e coñecemento do perfil de autismo feminino que nos fai comprender que moitas desas mulleres pasan desapercibidas durante anos e con moito sufrimento acumulado e, que a heteroxeneidade da clínica das persoas TEA nos obriga a pensar tratamentos e acompañamentos individuais como feitos a medida. Todo iso representa un reto para establecer un patrón xeral.

Diferentes apoios para as persoas con autismo.

A natureza, intensidade e extensión dos apoios será diferente para cada individuo, e variará segundo a idade e a capacidade, así como pola contorna física, emocional e social na que viven as persoas. Ante todas estas variables foi un reto e unha necesidade ir aprendendo a colocarnos como psiquiatras e psicoterapeutas que ademais vimos dunha orientación psicodinámica.

Desde a nosa orientación, non só entendemos o malestar psíquico desde unha visión neurobiolóxica, pois o coñecemento da psicoterapia psicodinámica permítenos acompañar o paciente para desenvolver unha maior conciencia de si mesmo, a resolver conflitos internos e a establecer relacións máis saudables consigo mesmo e cos demais. Teremos presente a historia do paciente, as súas relacións temperás, os conflitos inconscientes e os seus mecanismos de defensa e, toda esta comprensión, permitíranos xunto co paciente e tamén a súa contorna, explorar e resolver conflitos.

Hai algo do que apunta Alberto Lasa no seu último libro *El Autismo una perspectiva integradora y psicodinámica* (2), que creo que debemos pensar entre todos. El expón se non se estará “neuroloxizando” a psiquiatría nun momento onde hai tantos avances neurocientíficos e téndese a buscarlle explicacións neurofisiolóxicas ao sufrimento psíquico. No terreo da infancia e a adolescencia estase tendendo a simplificar e categorizar. Se o fallo é un desaxuste neuroquímico, A solución e tratamento pasa polo uso de psicofármacos?

Pero o autismo, como di el, “non cede ante simplificacións”, escapa a unha teoría que poida explicalo situando o problema nunha desconexión cerebral localizada, un xene ou desaxuste de neurotransmisores. Os estudos apuntan que a súa orixe causal reúne toda a complexidade do cerebro, a xenética e o papel organizador da contorna humana.

Os avances na investigación neurobiolóxica son elementais, pero tamén o é o poder pensar como atendemos os profesionais ante esta variabilidade etiolóxica e a consecuencia, a variabilidade na evolución e o prognóstico. Así mesmo, ter presente como se sitúa o individuo na sociedade, na comunidade é elemental á nosa forma de entender a persoa.

Temos moi claro, no tratamento da infancia, que para poder acompañar a un neno debemos coordinarnos entre todos os dispositivos que forman parte da vida do pequeno (familia, cuidadores, escola, psicopedagogos, terapeutas, pediatras...), pero todo iso deixa de existir cando o paciente adquire a maioría de idade. Que sucede pois coa comunidade? O psiquiatra está tendendo a asumir demasiados roles para o pouco tempo que dispón e téndese a simplificar as súas funcións naquilo que parece máis custo eficiente. Entendemos que hai unha fragmentación no sistema e que debemos, entre todos, axudar a que isto non suceda para acompañar mellor as persoas.

Considero que a medicación é unha opción e, en todo caso, representa aproximadamente o 25 % do tratamento. Esta debe ir dirixida a soste r algúns síntomas específicos que aparecen no desenvolvemento da persoa con TEA ou das súas comorbilidades e, sempre ir da man doutros tratamentos psicoterapéuticos, acompañamentos terapéuticos, traballo ocupacional, que lle permita á persoa vivir con menos nivel de ansiedade.

Como usamos os tratamentos psicofarmacolóxicos desde unha perspectiva dinámica?

Despois dos anos de asistencia e da lectura de estudos creo importante remarcar que debemos entender o tratamento psicofarmacolóxico como un soporte ante determinados síntomas ou comorbilidades varias, pero nunca como o único tratamento posible (3, 4). A tendencia á polimedicación, aos reaxustes de dosificación e á pronta modificación de tratamentos sería contraproducente na nosa poboación.

É elemental un bo acompañamento de calquera indicación psicofarmacolóxica debido a que imos ir atopando respostas, efectos secundarios ou interpretacións particulares destas persoas. Todo iso pode deberse ás particularidades neurobiolóxicas, as alteracións na absorción e metabolismo dos fármacos, ou como captan sensorialmente e interoceptivamente o mundo que os rodea e as dificultades na integración e percepción do propio corpo.

Alicerces cruciais serían: dar máis tempo de resposta ante os esperados efectos desexados, ter unha escoita máis clara ante os efectos secundarios adversos entendendo que poden desencadearse ante posoloxías máis baixas, axudar os pacientes para darlle significado ao que senten en relación coa toma de tratamento e acompañar o proceso de diferenciar que fai que e especificamente, que xera en cada caso particular a toma dun psicofármaco.

Desde a práctica clínica, se non facemos todo este proceso e o psiquiatra non se coloca nun lugar de comprensión do funcionamento mental do paciente con autismo, pode incorrer en erros con consecuencias negativas para o paciente.

Unha das dificultades máis habituais e que representa un verdadeiro desafío nos profesionais que atendemos persoas con autismo é a realización dun diagnóstico preciso (4).

Os síntomas clásicos doutros trastornos, as comorbilidades, poden presentarse de forma moi distinta no autismo. Por exemplo, ao diagnosticar TDHA (trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade), adoita resultarnos difícil entender se a falta de atención se debe a un déficit básico ou responde ás dificultades sociais que afectan a atención compartida cos demais, ou que a actividade non concorde cos intereses especiais das persoas.

O(s) autismo(s), e facemos agora referencia ao importantísimo artigo: *Revisión anual da investigación: Mirando cara atrás – cambios no concepto de autismo e implicacións para futuras investigacións*, que as autoras Francesca Happé & Uta Frith publicaron por primeira vez o 28 de xaneiro de 2020. <https://doi.org/10.1111/jcpp.13176>. Citas: 1 Lea o comentario sobre este artigo en doi: 10.1111/jcpp.13212 Declaración de conflito de intereses: Non se declaran conflitos, de cara á súa publicación na revista *Maremagnum*, no seu n.º 24-2020 pp. 13-45 en galego e pp. 139-172 en español.

Na editorial da revista pp. 7-11 do número aludido, comentabamos que as autoras Happé & Frith desenvolvían: “como o concepto e o diagnóstico do autismo evolucionou de forma considerable ao longo destes 77 anos, desde que Leo Kanner (1943) e Hans Asperger (1944) denominan a un grupo de nenos como autismo infantil precoz e síndrome de Asperger. Era o autismo puro que rapidamente sufriría cambios, pasaría a complexo e entraría nunhas controversias serias e profundas. De ser un modelo médico pasa a ser un modelo social, en función do espectro. Pasa dun a moitos autismos, de puro a complexo e para que as cousas aínda se compliquen máis o autismo en diferentes individuos probablemente ten diferentes causas e nun só individuo diferentes síntomas poden ter diferentes orixes. Isto trae como consecuencia o fraccionamento do autismo, no que poden convivir problemas de saúde mental, discapacidade intelectual, epilepsia e outros problemas neurolóxicos. Diferenzas neurolóxicas, que serían o resultado das variacións naturais do xenoma humano”.

Percorrer o camiño dos cambios, por non dicir dar bandazos ao redor do diagnóstico do autismo, non foi unha tarefa nada fácil. Os estereotipos asociados ás persoas con autismo impediron que a nosa cultura acadase todo o seu potencial. Tiñan que ser, e non podía ser doutra maneira, que as propias persoas TEA empurrasen a ciencia e a innovación, así como a sociedade mesma, a través da súa memoria, intelixencia e concentración ata os nosos días, para falármonos de neurodiversidade.

Tal como comenta Oliver Sacks: “pese a poder considerarse como un trastorno médico e tratarse como unha patoloxía, descrita como unha síndrome, tamén debe contemplarse como unha maneira de ser no seu conxunto, un modo ou unha identidade profundamente distinta que precisa ser consciente e sentirse orgullosa de si mesma. Deste xeito, o(s) autismo(s) formarían parte de quen son”.

Os devanditos trastornos, o(s) autismo(s), producen unha peculiar constelación de condutas e necesidades que se manifestan de modos diversos en distintos estadios do desenvolvemento da persoa, e abordalos require toda unha vida de apoio por parte dos pais, educadores e a propia comunidade. Unha consideración, que xa formulara Asperger, en 1938.

A volta ao mundo nun barco de vela: Johannes Li

Johannes Li (Alemaña, 2003) foi diagnosticado de TEA, s. de Asperger aos 10 anos, en Grömitz, nunha avaliación psicolóxica durante unhas vacacións organizadas polo orfanato onde creceu. Considérase afortunado de nacer en Europa onde se entende o TEA, noutros lugares non! Cústalle ler a linguaxe corporal e é moi directo no que di. No colexio nunca o separaron do resto do grupo. Está agradecido por iso, porque a exclusión é unha forma de discriminación.

Aprendeu a navegar aos dez anos, hoxe, nove anos despois, quere converterse na primeira persoa Asperger en dar a volta ao mundo nun veleiro: “non será fácil —comenta—, calculo que me podería levar polo menos dous anos, pero estou plenamente comprometido co proxecto e coa nobre causa que me impulsa, concienciar o planeta das capacidades das persoas con autismo”.




Recepción a Johannes Li no Concello de Vigo. De esquerda a dereita, Yolanda Aguiar Castro, concelleira de Benestar Social, J. M. Varela xerente Fundación Menela, Abel Caballero alcalde de Vigo e Cipriano Jiménez.



Johannes Li, co presidente do Real Club Náutico de Vigo José Antonio Portela e Cipriano Jiménez.



Johannes Li, ca familia González Borrás, Lujan, Asier e Gorka do Centro Menela.



Visita ao Edificio CAMI, servizos de diagnóstico e atención temperá, con Ana Moure, segunda pola dereita.



De esquerda a dereita, Johannes Li, alcalde de Nigrán Juan González e Cipriano Jiménez.

Li, achegouse a Compostela acompañado por Marisol García Penalta, xerente da Asociación Galega de Asperger, con sede na Coruña, e ofreceunos o seu propio manifesto no Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo: *Autismo Sails. A journey around the world* (Autismo navega. Unha viaxe arredor do mundo):

“Hoxe é o Día Mundial do Autismo! Existe desde 2007 cada 2 de abril, presentado pola ONU. Gustaríame utilizar a miña publicación para falar sobre a responsabilidade do meu proxecto. Certamente, non o de “publicación feliz” que podería facer, pero polo menos igual de importante. Ao avogar pola neurodiversidade e o autismo e saír en público, asumín unha gran responsabilidade: presentar a comunidade Neurodiversa de maneira positiva, correcta e auténtica. Ás veces pregúntome se estou en posición de facelo, despois de todo, non son investigador, médico ou gurú. Hai xente que certamente sabe máis ca min. Porén, estou máis afectado. Sei cantas persoas autistas se senten en situacións. Son considerado un Asperger altamente funcional, podo expresarme a neurotípico. Non todos poden facer iso. E quero darlles o meu voto, porque ser incomprendido ou non entendido en absoluto doe máis. Coñezo o privilexio de criarme en Europa, e ser diagnosticado relativamente pronto. Noutras partes do mundo moita xente está esperando isto. A miúdo en van. Usarei a miña enerxía para darlle a cada unha destas persoas un anaco de forza, para darlles a certeza de que alguén os entenda, e defender o diálogo para crear aceptación e conciencia da neurodiversidade! Palabra de honor! O meu proxecto non é político, imparcial e tolerante. Non vou discrepar con demasiados. Calquera que tratase o tema do autismo a nivel internacional sabe, que tamén nesta área hai puntos de vista radicais, normas desviadas e implementacións. Moitos criterios básicos e subxectivos nos que un pode tomar unha postura, pero non ten que facelo. Un niño de avespas potencial. Tomar unha posición sobre aspectos controvertidos tampouco é o meu obxectivo. A miña axenda é crear alegría, harmonía e caridade. Polo tanto: Feliz Día Mundial do Autismo! Só no mar. Unidos en corazón”.



Auditorio de Galicia no DMCA en Compostela. De esquerda a dereita Cipriano Jiménez, Rita González, Johannes Li, Marisol García Penalta, José Alen, José Manuel Varela e Luis González.

O día 11 de abril 2023, recibimos a Johannes Li no porto de Vigo, acompañados de tres rapaces con TEA, e a súa terapeuta, Ana Moure, do Servizo de Diagnóstico e Atención Temperá de Fundación Menela. Li iniciou o seu periplo desde os Países Baixos, en xuño de 2022, onde recibiu formación e coñecementos de supervivencia no mar, e estivo enrolado nun barco holandés. En cada porto reúnese con asociacións de cara a mellorar a vida das persoas que sofren este tipo de trastorno, co seu lema “*Allein auf See. Vereint im Herzen*” (Só no mar. Unidos de corazón).

O navegante Asperger, pretende chamar a atención sobre as capacidades das persoas con TEA, especialmente Asperger, ás que a sociedade adoita condenar a inacción polo seu descoñecemento. El mesmo se pon como exemplo para demostrar o seu proxecto de dar a volta ao mundo, a finais de 2023, unha odisea que se alargará uns dous anos e medio.

Bibliografía

- ASPERGER, Hans (1966). Pedagogía curativa. Barcelona: Editorial Luis Miracle.
- ASPERGER, Hans (1944). Die autistischen psychopathien in kindesalter. Arch. Psychiat., Nervenkr, pp. 117 – 176.
- BETTELHEIM, Bruno (2007). La fortaleza vacía: autismo infantil y el nacimiento del yo. Barcelona: Ediciones Paidós.
- BETTELHEIM, Bruno (1973). Con el amor no basta. Barcelona: Editorial Nova Terra.
- BOWLBY, John (1982). O vínculo mai-filho e a saúde mental (prestación e introducción de Cipriano L. Jiménez Casas). Associação Socio Pedagógica. Ourense: Galiza Editora.
- BOWLBY, John (1976). El vínculo afectivo. Buenos Aires: Editorial Paidós.
- BOWLBY, John (1976). La separación afectiva. Buenos Aires: Editorial Paidós.
- BOWLBY, John (1983). La pérdida efectiva. Buenos Aires: Editorial Paidós.
- GIMENO, Marcela (2014). Temple Grandin: El miedo es una emoción universal que también mueve a los animales. Buenos Aires. La Nación.
- JIMENEZ CASAS, Cipriano L (1987). As voces de marmore: autismo e psicoses infantis en Galicia. Vigo. Xerais Universitaria.
- KANNER, Leo (1943). “Trastornos autistas del contacto afectivo”. Nerv Child 2: 217-50. “Reimprisión” (1968): Acta Paedopsychiatr 35 (4):100-36.
- LEFORT, Rosine, en colaboración con Robert Lefort (1995). El nacimiento del otro. Barcelona. Editorial Paidós.
- LAURENT, Éric (2013). La batalla del autismo. De la clínica a la política. Buenos Aires. Grama ediciones.

- LOVAAS, Ole Ivar (1981). El niño autista: el desarrollo del lenguaje mediante la modificación de conducta. Madrid. Debate.
- MANNONI, Maud (1982). Un lugar para vivir. Barcelona: Editorial Crítica.
- MANNONI, Maud (1985). De un imposible al otro. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica.
- MANNONI, Maud (2005). La educación imposible. México. Siglo XXI de España Editores.
- RIMLAND, Bernard (2001). Tratamientos bilógicos para el autismo y PDD (con William Shaw, Lisaq Lewis, Bruce Semon). México: Editorial El Huerto.
- RIMLAND, Bernard (2003). Tratamiento del autismo: historias de padres de esperanza y éxito (con Stephen M. Edelson, Ph. D.).
- RUTTER, Michel (1990). La deprivación materna. Madrid: Ediciones Morata.
- RUTTER, Michel (1985). Fundamentos científicos de psiquiatría del desarrollo. Barcelona: Salvat Editores.
- SCHOPLER, Eric. El método TEACCH. Autismo Diario. www.teacch.com
- SINCLAIRE, Jim (2019). No sufran por nosotros. Video - Conferencia do activista autista Jim Sinclair en 1993, interpretada por Alan Robinson. Google.
- SINCLAIRE, Jim (1993). Autismo: Mi cerebro atípico. Del diario de una madre, leida por Alan Robinson.
- TEMPLE, Gradin. (2014). EE.UU. Genetics and the Behavior of Domestic Animals (con Mark Deesing), Editores: Temple Grandin. Departamento de Ciencia Animal. Universidad estatal de Colorado. For Collins. Colorado.
- TEMPLE, Grandin (2006). Mi vida con el autismo. Barcelona: Alba Editorial.
- TUSTIN, Frances (1987). Estados autísticos en los niños. Barcelona: Ediciones Paidós.
- TUSTIN, Frances (1991). Autismo y psicosis infantiles. Barcelona. Ediciones Paidós Ibérica.
- WING, Lorna (1998). El autismo en niños y adultos. Una guía para la familia. Barcelona. Editorial Paidós.
- WING, Lorna (2002). The Autistic Spectrum: A Guide for parents and Professionals. Edimburgo: Editorial Constable Ltd.

UNHA FELIZ VIAXE POLA VIDA DIVERSA TRAS JAMES STEWART (VISITA AO SEU MUSEO EN INDIANA, PENSILVANIA)

Claudio Rodríguez Fer*

A miña nai transmitiume sendo eu neno unha grande afección polo cine que me perdurou de maior, a miúdo proporcionoume felices incursións pola diversidade da vida nunha época tan uniforme en todos os aspectos, como foi a integrista ditadura franquista na que me criei. Ademais, os roles representados habitualmente por algúns actores, como por exemplo James Stewart, procurábanme a dobre sensación de comprensión das diferenzas e de apertura ás disidencias con actitudes humanistas que eu vía a diario encarnadas no meu propio pai, un antifascista foráneo, represaliado polo franquismo, que veu vivir a un retrógrado Lugo tan fóra do seu lugar como do seu tempo, onde, por certo, acabou tan xordo como de ancián o citado actor.

De feito, tras o falecemento do meu proxenitor, quen malia moitas dificultades e desgrazas logrou vivir en harmonía coa vida nada menos que 94 anos, sentín a imperiosa necesidade de visitar, ademais das súas terras orixinarias, tamén a pequena vila natal de James Stewart, chamada Indiana e situada en Pensilvania, onde en 1995 se abriu, no andar superior da súa Biblioteca Pública, o familiarmente chamado Jimmy Stewart Museum, por suposto en honra do seu máis célebre e predilecto nativo.

* Claudio Rodríguez Fer é autor dun cento de obras como poeta, narrador, autor teatral e ensaísta. Reuniu a súa lírica en *Amores e clamores* e a súa narrativa en *Contos e descontos*, así como poesía visual en *Cinepoemas e Corpoética*, obras nas que predominan o vitalismo erótico, a apertura intercultural, a utopía libertaria, o compromiso antifascista, o diálogo interartístico, a ética humanista e a experimentación estética. Está traducido a numerosos idiomas e o seu poema “A cabeleira” publicouse en setenta linguas dos cinco continentes da Terra.

Dirixe a Cátedra Valente de Poesía e Estética e a revista *Moenia* da Universidade de Santiago de Compostela, coordina os cadernos interculturais *Unión Libre* e foi profesor universitario en Nova York, París e Bretaña (onde é Doutor Honoris Causa). Publicou libros e edicións sobre Emily Dickinson, Dostoievski, Antonio Machado, Borges e moí numerosos escritores galegos, como Castelao, Dieste, Pimentel, Fole, Ángel Johán, Carballo Calero, Luz Pozo Garza, Granell e Valente. Recibiu diversos premios en áreas literarias (Premio da Crítica por *Tigres de ternura*), investigadoras (Premio Losada Diéguez por *Poesía galega* e por *A literatura galega durante a guerra civil*), académicas (Premio Extraordinario de Doutoramento) e cívicas (Premio Galiza Mártir de Memoria Histórica).

Viaxe a Indiana, Pensilvania

De maneira que, durante unha das miñas frecuentes estancias en Nova York, emprehín a peregrinación, dabondo dificultosa loxisticamente, a tan modesto como insólito museo persoal da Pensilvania profunda. A miña principal guía nos Estados Unidos dende que fun dar clase alí en 1992, a profesora universitaria, e tradutora da miña poesía ao inglés e ao esperanto, Diana Conchado, púxome en contacto coa súa homónima e aventureira exalumna, de orixe colombiana e por entón xa docente, Diana N. Méndez, quen se mostrou disposta a conducirme por estrada dende o predio neorural de Smithtown, en Long Island, na que moraba, ata a Indiana natal de James Stewart.

Compartiamos e compartimos estas dúas Dianas e máis eu o compromiso coa diversidade social e ruptura fronte ao suxeito único establecido nas sociedades unidimensionais, e, en consecuencia, sentiámonos e sentímonos solidarios das persoas con características físicas, sociais e persoais rexeitadas ou marxinas polos poderes e prexuízos impostos a causa de discriminación de raza, etnia, idade, sexo, xénero, discapacidade física ou mental, limitación económica ou formativa, idioma e ideoloxía. De maneira que, na longa viaxe de ida e volta que compartimos durante todo un día, fomos falando das nosas propias e reivindicativas vivencias ao respecto, que pendularmente foron de James Stewart a Noam Chomsky, de Galicia a Palestina, da unión libre á dependencia amorosa, do *ménage à trois* á bisexualidade, do *galenglish* ao *spanGLISH*, do multilingüismo á mestizaxe, da comida en Galicia á gastronomía colombiana, da miña poesía vital ás súas tatuaxes existenciais...

En efecto, o 24 de outubro de 2015, tras pasar a noite no chalé de madeira que habitaba en Long Island, emprendemos a nosa particular *road movie* polo verde norreste dos Estados Unidos, que nos levou, unhas seis horas despois, directamente ao Jimmy Stewart Museum, ben visible en Phildelphia Street nada máis arribar a Indiana. Nel contense a réplica dunha sala de cine da década de 1930, onde poden verse películas interpretadas polo mítico actor, un dos máis admirados e queridos do cine estadounidense dende o seu temperán primeiro Premio Oscar pola súa interpretación na comedia romántica *The Philadelphia Story*, dirixida por George Cukor, ao Oscar honorífico pola súa longa e brillante traxectoria, por citar só un par dos múltiples recoñecementos que obtivo.

Preto do seu museo, atópase sinalado o seu lugar de nacemento, a casa que habitou na súa infancia, a antiga ferraxería familiar en cuxo escaparate se exhibiu durante décadas o seu primeiro Oscar e a realista estatua de bronce que honra a súa memoria e da que hai réplica dentro do museo. Máis nas aforas levan o seu nome o Jimmy Stewart Boulevard e o pequeno aeroporto de comercio rexional Indiana County - Jimmy Stewart Airport, neste caso en lembranza da súa faceta aviadora, onde se exhibe restaurado un dos avións familiares que pertenceu ao actor.

No mesmo condado de Indiana mora a comunidade amish de Smicksburg, composta por familias anabaptistas de orixe xermánica e de ideoloxía pacifista cun sinxe-



Estatua de James Stewart e Claudio Rodríguez Fer en Indiana.

lo estilo de vida granxeiro alleo á modernidade. James Stewart non participou en ningunha das numerosas películas que se fixeron sobre eles, pero si na humanitaria *Shenandoah*, na que o pai dunha familia antiescravista se nega a participar na guerra de Secesión cunha actitude antibélica semellante á dos amish e á dos cuáqueros, protestantes de orixe inglesa tamén moi radicados en Pensilvania, como revela o feito de que este estado leve o nome do seu dirixente William Penn (Pennsylvania en inglés). De feito, o conflito protagonizado por James Stewart en *Shenandoah* é contextual e ideoloxicamente similar ao do cuáquero interpretado por Gary Cooper no anterior filme *Friendly Persuasion*. Ambos rexeitan someterse á impositiva razón de estado, coincidindo nisto coa desobediencia civil propugnada por Henry David Thoreau, cuxa insubmisión obxección fiscal se postula tamén en *You Can't Take It With You*.


O sempre modesto Stewart quixo resistirse á creación do seu museo, pero aceptouna polo beneficio turístico que lle podería proporcionar á pequena e modesta comunidade de Indiana, así que o propio artista e as súas fillas interviñeron nos actos inaugurais da institución. Por outra parte, moi unido ata o final, tras numerosas aventuras con actrices famosas, á única e serodia esposa que tivo, a modelo Gloria McLean, e á familia que formou con ela, Stewart incluíu nesta o seu adorado can Beau, a quen dedicou un sentido, tenro, humorístico e irónico poema elexíaco cando faleceu, recollido no libro *Jimmy Stewart and His Poems*, pois ademais de exercer como actor, piloto e militar, tamén o fixo como poeta ocasional, igual que como cantante, pois a súa melómana familia o dotou de formación musical.

Claro que estas doces dimensións artísticas da súa personalidade, acordes coa súa habitual dicción balbuciente, coa súa frecuente aparencia vulnerable en pantalla e coa súa extrema delgadeza xuvenil en relación coa súa alta estatura de 1 metro con 91 centímetros, non lle impediron combater na vida real en decenas de misións aéreas durante a Segunda Guerra Mundial, partindo da Inglaterra aliada, contra a Alemaña nazi, nas que bombardeou Bremen, Fráncfort e Berlín. Na vellez, alternou rendibles negocios millonarios con benfeitoras actividades filantrópicas e animalistas (a súa paixón polos elefantes percíbese nas reproducións que colleccionou deles na súa casa de Beverly Hills).

The Jimmy Stewart Museum

Dende a súa formación, o Jimmy Stewart Museum foi supervisado sen ánimo de lucro pola James M. Stewart Foundation, que tamén patrocinou o Premio Harvey, entregado nos aniversarios do actor, e o festival “It’s a Wonderful Life”, celebrado durante os períodos de Nadal, lembrando con estas significativas denominacións dúas das súas películas máis optimistas, alternativas, utópicas e mesmo libertarias: a do amigo invisible *Harvey* e a da comunidade imposible de *It’s a Wonderful Life*, polas cales foi nomeado aos premios Oscar. Éntrase baixo unha carpa de lona á que seguen dous murais, un de *mail art* coa súa efixie nun gran selo de correos que foi de curso legal nos Estados Unidos e outro de *street art* salientando os seus ollos azuis sobre un muro de ladrillo (debido a Damien Mitchell).

O museo atesoura recordos da rixida e tranquila infancia e da conservadora e acomodada familia de James Stewart (The Indiana Gallery), así como da súa carreira militar como piloto de bombardeiros na Segunda Guerra Mundial, na que, tras entrar de soldado raso, alcanzou o grao de Xeneral de Brigada na Forza Aérea dos Estados Unidos e da que se retirou como Tenente Xeneral (The Military Gallery). Mais, como era de esperar, o museo céntrase sobre todo na traxectoria cinematográfica do actor a través de carteis, fotogramas, vestuario e obxectos diversos (The Hollywood Gallery). Así mesmo hai salas dedicadas a reconstruír o seu cuarto da infancia na pensilvana Indiana e o seu despacho de adulto na californiana Beverly Hills, ambas cheas de obxectos e documentos persoais.



Claudio Rodríguez Fer fronte o Museo de Jimmy Stewart en Indiana.

Gustoume moito ver alí referencias aos *westerns* protagonizados por James Stewart que me fascinaron dende a infancia, sobre todo a pioneira película proindia *Broken Arrow*, de Delmer Daves; o humanista ciclo rexeneracionista no que o dirixiu Anthony Mann (*Winchester '73*, *Bend of the River*, *The Naked Spur*, *The Far Country* e *The Man from Laramie*) e a grandiosa adaptación da novela río sobre a conquista do Oeste de Louis L'Amour, titulada *How the West Was Won*, libro que tamén lin por entón, e de cuxos fotogramas colleccionei un álbum de cromos. E gustoume así mesmo moito contemplar as referencias ás tres obras mestras nas que o dirixiu John Ford (participante igualmente no colectivo mosaico épico *How the West Was Won*), que me impresionaran moitísimo: a antirracista *Two Rode Together*; sobre as crianzas secuestradas polos indios; a crepuscular *The Man Who Shot Liberty Valance*, sobre a decadencia dos violentos valores do antigo Oeste, e a elexíaca *Cheyenne Autumn*, sobre o miserable confinamento e a consecuente rebelión da comunidade nativo-americana.

E encantáronme as referencias ás catro obras mestras do suspense nas que o dirixiu Alfred Hitchcock adaptando outras tantas obras literarias e que se exhiben durante un mes nun ciclo anual do museo: a cripticamente homosexual *Rope*, a deliciosa e voyeurista *Rear Window*, a multicultural (con inesquecible peza musical) *The Man Who Knew Too Much* e a profundamente sexual *Vertigo*, conectada ao surrealismo xa dende o seu cartel en espiral deseñado por Saul Bass e considerada nunha enquisa do British Film Institute como a mellor película da historia. Neste último filme, polo que recibiu a Concha de Prata ao mellor actor no Festival de San Sebastián, actuou xunto á actriz Kim Novak, quen se desdoubrou cunha inquietante duplicidade necrófila neste filme e con quen despois tamén compartiu a divertidísima comedia *Bell, Book and Candle*, na que aquela exerce de bruxa cun felino erotismo gatuno. E outra película de referencia erótica e misteriosa na que actuou foi o drama de suspense xudicial *Anatomy of a Murder*, de Otto Preminger, que lle valeu en plena madurez outro nomeamento ao Oscar e a Copa Volpi ao mellor actor no Festival de Venecia (e que contou así mesmo con inesquecibles cartel e títulos de crédito de Saul Bass e, como me lembrou o psiquiatra jazzista Luís Vila Pillado, unha excelente banda sonora de Duke Ellington).

Agora ben, ideolóxica e psicolóxicamente, o prototipo encarnado por James Stewart máis patente dende a súa xuventude e no propio museo foi o do cidadán honrado e idealista no sempre vital e optimista cine populista do director Frank Capra, como é obvio en *Mr. Smith Goes to Washington*, onde un inxenuo representante do pobo se enfrenta á corrupción do sistema; *You Can't Take It With You*, onde unha familia rica, snob e convencional inicia relacións con outra humilde, obxectora e insubmisas que ampara unha comuna de actividades alternativas, acabando todos os membros das dúas detidos e acusados de revolucionarios, e *It's a Wonderful Life*, inspirada polo célebre conto de Nadal de Dickens, onde se asiste á solidaria redención colectiva dun sacrificado altruísta arruinado que está a punto de suicidarse.

Próximo a este prototipo que busca a felicidade propia contaxiándollela aos demais é o de *Harvey*, o individuo libre de toda convención social que vive na súa irredutible utopía particular na homónima obra de teatro de Mary Chase, levada ao cine por Henry Koster, que James Stewart representou con grande éxito na pantalla, no escenario e na televisión. Do mesmo director é tamén a non menos alternativa comedia *Dear Brigitte*, onde Stewart interpreta a un extravagante poeta e profesor universitario, experto na poesía de Dylan Thomas, que vive nun barco flotante cunha familia consagrada ás artes, un membro da cal, o neno Erasmus, está tan namorado da actriz francesa Brigitte Bardot que consegue que o seu pai lle cumpra o soño de ir vela á súa propia casa nas aforas de París.

Obviamente, no museo tamén hai referencias a outros filmes interpretados por James Stewart practicamente en todas as modalidades, dende a adaptación teatral (*The Shop Around the Corner*, de Lubitsch) ao espectáculo circense (*The Greatest Show on Earth*, de DeMille), pasando pola propaganda antinazi (*The Mortal Storm*,

de Borzage). Moitos deles conectaron coa súa temperá paixón aviadora (interpretou a Lindbergh, primeiro piloto que cruzou o Atlántico, en *The Spirit of St. Louis*, de Wilder) e coa súa voluntaria participación na Segunda Guerra Mundial (en *The Glenn Miller Story*, de Mann, interpretou o devandito músico de jazz desaparecido daquela en accidente aéreo). Outras conexións coa súa vida privada, como a súa vella, longa e íntima, aínda que ideoloxicamente conflitiva, relación co seu progresista colega Henry Fonda, apareceron sublimadas en *The Cheyenne Social Club*, de Gene Kelly.

Por suposto, unha tenda de memorabilia, chamada *The Shop Around the Corner* como a película homónima, ofrece a posibilidade de mercar libros, filmes, carteis, postais, marcapáxinas, abrecartas, imáns, prendas, coxíns, almofadas, recipientes, papelería, adornos, bonecos e outras pezas con alusións ás interpretacións de Stewart. Nela atendeume un entrañable persoal xubilado, da mesma veciñanza de Indiana, que colaboraba benevolmente co mantemento do museo e que tiña que esforzarse na dificultosa tarefa de reciclarse dixitalmente para realizar o seu labor. A maioría del coñecera persoalmente o actor, de quen falaba con devoción e proximidade, chamáñdolle sempre Jimmy.

Alí adquirín postais, como a da carteleira de *It's a Wonderful Life* no Indiana Theatre baixo a neve, pintada por George H. Rothacker (quen tamén recreou en paneis o devandito filme e *Vertigo*), que agora vexo en Galicia como a flor do soño do romántico Coleridge, que retomou Borges nun conto, segundo o cal un home soña que lle dan unha flor mentres visita o Paraíso, pero, ao espertar, encontra a flor soñada entre as mans...

O amigo imaxinario

James Stewart, como tamén o actor Gregory Peck, de quen recibín tres cartas enviadas dende Hollywood na miña adolescencia que logo recollín no meu libro *Cinepoemas*, foi dalgún xeito un amigo imaxinario para min, aínda que dende logo en modo moi distinto do coello xigante Harvey imaxinado polo protagonista da película homónima. En efecto, en *Harvey*, James Stewart encarna a un cordial e afable afecionado ao alcol que asegura ter como permanente acompañante o devandito coello, delirio invisible para todos menos para el.

É por isto que a súa avergoñada e desesperada irmá decide ingresalo nun manicomio, pero, a consecuencia dos cómicos enredos da envolvente personalidade do seu irmán, acaba vendo tamén o coello por insistente transferencia e sendo ingresada ela mesma (Josephine Hull recibiu un Óscar e un Globo de Ouro como actriz secundaria pola súa hilarante actuación no papel de irmá superada polos acontecementos, rol que tamén acometeu con éxito no teatro). Finalmente, fascinado pola liberdade vital e pola compracente personalidade do protagonista, o propio director do hospital psiquiátrico aceptará de bo grado a mesma transferencia e incluso lle pedirá a aquel que lle traspasase ao seu amigo imaxinario.

E este desexo parece perdurar máis alá do filme, porque son moitas as réplicas de Harvey en peluche ou estampadas sobre obxectos diversos que se venden no museo, onde ademais se exhibe reproducido a grande escala, como tamén ocorre nas estatuas de tal coello xigante existentes nun predio privado da propia Indiana e nun parque público de Reedville, Oregon. O propio James Stewart conviviu con algunha reprodución visible en fotos da súa gran biblioteca.

Mais son moitas as dimensións interpretativas que ofrece *Harvey*, pois socioloxicamente foi visto como unha reflexión sobre o alcolismo, que permite a quen o practica falar de cousas importantes intimando de inmediato e sen censura con estraños, e psicolxicamente como unha representación da síndrome do amigo imaxinario, creación esta moi habitual na infancia que adoita desaparecer naturalmente, aínda que pode presentar problemas complexos en autistas que non comprendan a súa irrealidade ou en casos nos que a crenza en tal ser ficticio cause inqueda, inspire medo, provoqe retraemento social ou incite á violencia física.

Pero nada disto ocorre en *Harvey*, onde o protagonista ten unha moi boa relación de colega de alterne co seu amigo imaxinario, que incluso é aceptado como unha invisible presenza nos bares que aquel frecuenta tan cordial bebedor inofensivamente extravagante. Alternando coa xente, adoita presentar o amigo imaxinario a estraños, aínda que logo estes prefiren evitar a suposta parella, segundo o bebedor por envexa de tan feliz amizade. As únicas transgresións atribuídas a Harvey no filme son algunhas brincadeiras máxicas que parece gastar con lúdica picardía nun plano puramente fantástico, pois a súa figura pertence a un imaxinario tradicional desta índole, por certo, casualmente, dabondo próximo ás orixes escocesas e irlandesas do propio James Stewart.

En efecto, etnograficamente, o coello Harvey preséntase como una actualización do puca céltico e xermánico, criatura fantástica moi estendida no folclore de Europa Noroccidental (rexístranse variantes desta denominación en todas as linguas celtas e xermanas). Na tradición rural e mariñeira celto-xermánica, os pluralmente chamados pucai son unha especie de trasgos máis ben fedellos que poden adoptar aspecto animal, por exemplo, encarnándose en corvo, lobo, raposo, cabalo, cabra, can, gato, coello ou lebre, así como nunha persoa con algúns membros zoomórficos. Deles provén, como evidencia o seu nome, o pícaro trasgo Puck que aparece na comedia feérica *A Midsummer Night's Dream* de Shakespeare, retomado por Kipling nos contos fantásticos de *Puck of Pook's Hill*.

O sorprendente, dado que a obra teatral se estreou en 1944 e a película en 1950, en ambos os casos cando a enfermidade mental era aínda un estigma moi tabú e a súa atención estaba en mans dunha medicina polo xeral completamente autoritaria e represiva, é a aceptación da diferenza que se adopta en *Harvey*. De feito, ao final a irmá decide non internar nin medicalizar o seu parente para preservar o seu carácter bondadoso, xeneroso, amable e agradable con todos, pois en realidade non fai dano a ninguén apartándose da indesexable e desagradable normalidade establecida, aínda que tan extravagante rareza non resulte socialmente cómoda nin correcta.

Na mesma liña integradora, o propio protagonista fai gala constante da súa aceptación de todas as alteridades, convidando indiscriminadamente á súa casa a persoas das máis variadas condicións sociais e características persoais, incluíndo un ex-presidiario. Trátase, pois, da mesma actitude multicompreensiva xeralmente mostrada pola libertaria familia de *You Can't Take It With You*, cuxo lema era que se vivise como se quixese con tal de que se fose feliz e de que se respectase aos demais, e incluso pola non menos libertaria comunidade artística da baía californiana na que moran os personaxes de *Dear Brigitte*.

En consecuencia, os elocuentes diálogos entre os psiquiatras e o paciente en *Harvey* relativizan tanto a eficacia e a utilidade da metodoloxía médica tradicional como a suposta enfermidade, que a miúdo aparece asociada á utopía e á felicidade. Por exemplo, advertido o protagonista de que ten que enfrontarse á realidade, responde que así o leva facendo 35 anos e que pode dicir con alegría que ao final venceu. Así mesmo ocorre coa identificación de realidade e desexo, pois cando se lle pregunta ao mesmo personaxe a razón pola cal o seu amigo imaxinario se chama Harvey, asegura que, por abraiante coincidencia, o propio puca lle dixo que se chamaba así despois de confesarlle aquel que era o seu nome favorito.

E nesta utopía non falta tampouco a ilusoria suspensión do tempo, pois segundo o protagonista, o seu prodixioso amigo ten o poder de parar o reloxo coa mirada e conseguir que calquera persoa pase tempadas viaxando con quen queira ao lugar que desexe nun estado de graza fóra do cómputo cronometrable. Iso si, o protagonista non tivo a necesidade de pedirlle tal prodixio ao puca porque asegura que sempre o pasa ben con quen estea e onde estea, como ocorre nese mesmo momento no que está conversando co director do psiquiátrico. Vive, pois, nun estado permanente de felicidade alleo a toda clase de mal que o incita a gozar da harmonía universal e a aceptar con transixencia e tolerancia todo desexo alleo.

Agora ben, a visión progresista e utópica da saúde mental que se apunta en *Harvey* non debe obviar idealista e irresponsablemente a terrible dor psíquica e a dificultosa integración social que os trastornos da mente poden causar nas persoas enfermas e nas achegadas a elas, xa que, en realidade, convén tratalas, respectando a personalidade psicolóxica e ideolóxica de cada paciente, mediante a terapia e a medicación convenientes segundo sexa o caso, sempre orientadas estas a evitar o sufrimento e a dependencia, que son os verdadeiros e maiores inimigos da felicidade e da liberdade do ser humano.

A volta por *Fallingwater*

Á volta de Indiana a Nova York pasamos pola famosa *Fallingwater*, a marabillosa casa da cascada que o arquitecto orgánico Frank Lloyd Wright construíu entre 1936 e 1939 como residencia de verán para a familia Kauffman na boscosa Pensilvania. Convertida nun dos monumentos nacionais máis emblemáticos dos Estados Unidos

e declarada patrimonio da humanidade pola Unesco como un referente mundial da arquitectura moderna, a insólita obra mestra de Wright atraeu xa millóns de visitantes abraiados pola beleza e polo enxeño de tan radical adaptación arquitectónica ao medio natural. Tanto en todas as artes plásticas como nas da imaxe en movemento, incluído o cine de Hitchcock, son moitas as probas da fascinación exercida por esta casa construída xusto encima da cascada do río Bear Run ao seu paso polo bosque de Fayette e cimentada sobre as propias rochas do lugar.

Arredor da casa da cascada existe un complexo de servizos varios, pois ademais do Fallingwater Institute, hai unha cafetería que ofrece menús inspirados polo contorno natural, onde ceamos, e unha tenda especializada na arquitectura de Wright, onde merquei interesantes libros e excelentes postais, que complementaron as nosas propias fotos feitas aquí e en Indiana.

Interpretando James Stewart o chamado home de Laramie no *western* homónimo de Anthony Mann, alguén lle di que a persoa pertence ao lugar onde se criou, pero aquel contesta que el pertence ao lugar onde está, o que o seu interlocutor considera que debe producir unha sensación marabillosa. Sentindo o mesmo e tendo en conta que James Stewart estudou Arquitectura en Princeton University non puiden evitar pensar en *Fallingwater* que, de chegar a exercer tal profesión, quizais este sería o edificio que mellor encaixaría coa súa personalidade e coa dalgúns dos personaxes que interpretou. Porque, dende as terrazas exteriores que voan sobre o río á interior escaleira da auga que descende ata a cascada, todo parece alí tan organicamente natural como a feliz viaxe pola vida diversa que me levou de Diana a Diana, de Puck a Harvey, do meu pai a James Stewart e, utopicamente e sobre todo, viceversa.

«PENSAR SANTIAGO A PARTIR DA COMUNIDADE LOCAL,
E NOM PARA O TURISMO, É O GRANDE DESAFIO
PARA O FUTURO DA CIDADE»*

Elías José Torres Feijó¹

Um dos principais resultados das vossas investigacións sobre os impactos dos Caminhos a Santiago na reinvençom da cidade atribui um peso determinante aos discursos elaborados sobre Compostela e as peregrinaçoms. Quais som esses discursos e em que medida se relacionam com a identidade compostelana e galega?

A cidade foi reinventada de acima para abaixo e através de políticas (locais e, particularmente, dos governos de Manuel Fraga) que continuam presentes em boa medida na atualidade. A cidade está a ser planificada fundamentalmente desde o governo, nom desde a comunidade local. Deste ponto de vista fõrom três os discursos elaborados nos anos 80 que tivérom um impacto mui relevante com o impulso dado a partir do Xacobeo 93. O primeiro é o da Igreja católica, que identifica Santiago com um lugar de peregrinaçom que teria vertebrado a Europa a partir das raízes medievais. As declaraçoms da UE e da UNESCO para o caminho e a cidade, por seu lado, están

* Entrevista ao profesor Elías José Torres Feijó, publicada na entrega de Novas da Galiza correspondente a junho de 2021, a propósito da publicaçom de resultados da pesquisa sobre Santiago de Compostela.

1 O autor (Tui, 1964) é catedrático dá USC, onde dirixe o grupo de investigación GALABRA, que trata dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africano en língua portuguesa. Premio Extraordinario de Doutoramento, 1996. Especialista em teoría e análise da cultura, relaçoens entre narrativas, comunidades e territorios e transferència de conhecimento. Professor convidado ou visiting scholar nas universidades do Minho, Rios Grande do Sul, Nova Lisboa, Oxford e Brown. Vicepresidente da Mesa pola Normalización Lingüística (1989-1993); Vicerreitor da USC (2006-2009); desde 2008 preside a Associação Internacional de Lusitanistas; decano da Facultade de Filoloxía da USC (2020); un dos fundadores do Movimento Internacional Sociocultural e Educativo nos Tempos Libres Altair sendo na actualidade coordinador pedagóxico da asociaciom Altair Galiza e director da súa escola ETL Altair Galiza; coordinador dumha equipa transdisciplinar que estuda desde 2011 os impactos dos Caminhos na comunidade local compostelana.

Autor, de 10 livros e (co-)editor de 26. Últimos volumes: *Estudar sem melancolia: Reflexoes teoricas e aplicadas nos bastidores do sistema literario*, 2022 (Imprensa da Universidade de Coimbra); *Heteronomias em textos e historiografia da literatura galega* (Andavira, 2022. Santiago de Copostela); *Bem-estar comunitário e visitantes através do caminho em Santiago. Grandes narrativas, ideias e prácticas culturais*

ligadas também ao mundo medieval mas com um carácter mais vinculado à preservação do património material e histórico. Já *O Diário de um Mago* de Paulo Coelho é um livro de enorme sucesso que tem mais a ver com um processo iniciático-esotérico ou de autoajuda, mas que foi traduzido para diversas línguas introduzindo a ideia de peregrinação, que não estava no original. Estes três discursos compartilham uma característica principal: a comunidade e a cultura locais estão ausentes.

“Os discursos elaborados sobre Compostela e as peregrinações compartilham uma característica principal: a comunidade e a cultura locais estão ausentes”

De que maneira estes discursos explicam ou condicionam o modo em que nos vemos ou nos vemos fora?

A visão de fora está rodeada pela ideia da peregrinação, com a Catedral num lugar enormemente destacado. De facto, de acordo com as entrevistas feitas na nossa investigação, perto de 90% da identificação externa de Santiago está vinculada a este fenómeno, com umas percentagens muito baixas (por volta de 3%) relativas a ideias ligadas ao carácter monumental, universitário ou de capitalidade. No entanto, para a comunidade galega Compostela é maioritariamente capital, símbolo ou referente da Galiza (60%), uma cidade universitária e cultural, também fim do caminho, cidade religiosa e espiritual (6-8%) e, em menor medida, cidade turística (2,3%). Para a comunidade galega, então, Compostela continua a ter essa pluridimensionalidade, mas esse equilíbrio foi quebrado na visão projetada para fora em benefício deste monocultivo do Caminho que tem consequências na configuração da própria Galiza.

“Para a comunidade galega, Compostela continua a ser uma cidade pluri-dimensional, mas a visão projetada para fora baseia-se num monocultivo do Caminho que tem consequências na configuração da Galiza”

na cidade (Santiago de Compostela, Andavira, 2019. Premio de Investigación da Cátedra do Caminho e das Peregrinações, 2020. E, em coautoria: *The Way of Saint James, tourism, and local community*. Leioa UPV; *Contar o Caminho de Santiago. Literatura, discurso(s) e efeitos sociais na comunidade local* (Lisboa, Cilibri, 2022); *A cidade, o caminho e nós*. Santiago de Compostela, Andavira, 2020). Projetos como investigador principal: *Discursos, imagens e práticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos caminhos de Santiago* (2012-2016). Coordena: *Narrativas, usos e consumos de visitantes como aliados ou ameaças para o bem-estar da comunidade local: o caso de Santiago de Compostela* (2018-2022).

Autor de diversos artigos e capítulos de livros, conferencista por convite em diversas universidades americanas, europeas e africanas. Foi presidente da Associação Internacional de Lusitanistas (2008-2014), Vice-reitor da USC (2006-2009) e é Coordenador do Grupo de Investigação e da Rede Galabra. Desde de março de 2020, é Presidente (Decano) da Faculdade de Filologia da USC. É um dos fundadores do Movimento Internacional Sociocultural e Educativo nos Tempos Livres Altair, sendo na actualidade coordenador pedagógico da associação Altair Galiza e director da sua escola ETL Altair Galiza.

Quais as diferenças entre turismo e peregrinação aos efeitos do seu impacto na cidade (ideias, usos, consumos ...)?

Em geral, o turismo sem peregrinação tem umha ideia mais patrimonial e cultural da cidade, e isso vê-se no tipo de consumos e usos realizados. Mas a grande diferença é que quem peregrina ocupa espaços públicos que foram fundamentais para a cidade, tais como as praças e o entorno da Catedral. Esta ocupação do espaço público, unida à do turismo em geral, faz que as pessoas de Santiago tenham ido para outros lugares, apesar de a Cidade Velha continuar a manter uns níveis de uso, querença e identificação altos (por volta do 35-40%). É significativo neste sentido ver como a valorização da Catedral como elemento emblemático-identificador para as pessoas de Santiago (perto de 40%) desce significativamente como elemento querido (7,5%) e muito mais se forem perguntadas pelo seu nível de uso (0,1%). As pessoas que abandonárom esses espaços públicos agora valorizam muito as zonas verdes, nomeadamente a Alameda, como lugar identificador e mui por cima da Catedral em termos de querença.

Em relação com o fenómeno jacobeu, quais julgas que som os principais desafios a que se enfrenta Compostela, e a Galiza, no imediato futuro?

A pandemia véu mostrar os efeitos de termos umha cidade que viu quebrada essa pluralidade de que falava acima e tem umha excessiva dependência dum determinado tipo de visitante, mostrando um certo abandono da comunidade local. As consequências disto evidenciam-se em bairros como Sam Pedro, onde as nossas pesquisas mostram que mais de metade da vizinhança está claramente em contra deste tipo de turismo por considerar que altera as suas formas de vida e prejudica o seu bem-estar. Os desafios que estão pola frente passam, entom, porque Galiza recupere essa pluralidade com que a identificamos desde dentro. Parece-me que será importante para as planificações futuras que Santiago continue a ser identificado como o referente da Galiza e, além disto, será preciso decidir quem manda na cidade, se ela é pensada a partir da comunidade local ou para o turismo. Pensar a cidade desde a cidade é o grande desafio.

“A pandemia mostrou os efeitos de termos umha cidade com excessiva dependência dum determinado tipo de visitante”

Como estão a ser recebidos os resultados da vossa investigação no movimento associativo local e nas administrações públicas?

O associativismo local acolhe o trabalho dumha maneira pró-ativa e agradecida, o que reforça a nossa profissionalidade e nos anima a continuar trabalhando autocriticamente para superar carências. Ao compartilharmos com a vizinhança (e com pessoas do comércio, a agricultura, o artesanato, ...) processos e resultados, recebemos

convites para participar em atividades associativas, que muito nos satisfazem, e o associativismo também nos coloca perguntas e desafios que queremos responder; ao tempo, verificamos que a gente tem agora ferramentas para pensar a sua própria lógica coletiva em termos de coesão e de inclusão social que antes não tinha, e isto para nós é muito importante. Quanto às administrações, algumas formações políticas estão interessadas no trabalho, mas continua a haver dessa parte uma certa distância com uns resultados que questionam criticamente a realidade. Contudo, a nossa disposição é de absoluta colaboração para ajudar a corrigir alguns dos aspectos mais lesivos deste tipo de turismo; nós trabalhamos na direção de (re)pensar a cidade e as formas de identificação galegas e compostelanas a partir da comunidade local.

UN FELIZ VIAJE POR LA VIDA

AUTISMO GALICIA

EDITORIAL

“Un feliz viaje por la vida”, es el nombre que lleva la portada de esta entrega del n.º 27 de la revista *Maremagnum*: “Un feliz viaje por la vida”, fue el lema del 13.º Congreso Internacional de Autismo Europa, julio 2022, en Cracovia (Polonia). Como el propio reclamo de la revista, *Maremagnum* en este 2023, no se ajusta al desarrollo de un determinado tema, de los muchos que lo(s) autismo(s) contemplan, y que ya fueron desarrollados en anteriores números. En esta ocasión las autoras y autores, nos enviaron artículos, en función del que les pareció relevante, y apropiado desde su punto de vista y la libertad de elección.

El Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo (DMCA), 2 de abril 2023, fue celebrado 31 de marzo en Santiago de Compostela, a través del eslogan: “Autismo. Llamémoslo Por Su Nombre”, y tuvo como objetivos la sensibilización y concienciación sobre el TEA. Este 2 de abril 2023, coincidió con la fecha del nacimiento de Hans Christian Andersen, que celebró el Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil, con la intención de promocionar la lectura y los mejores libros entre la infancia y a la juventud. Efeméride que la IBBY, la asociación internacional del libro infantil y juvenil, le encargó la sección de Grecia que difundió el mensaje del escritor Yagalis Lliopoulos: “Soy un libro, léeme” ilustrada por Photini Stephanidi, una brillante humanización del carácter del libro por su expresión de belleza y diversidad.

Lo(s) autismo(s) alcanzan actualmente la sorprendente casuística del 1 por 100, con 7 millones de personas afectadas en Europa, 470 000 en España y 27 600 en Galicia. Además 4.200 niños nacen al año con TEA, con una edad media de diagnóstico, entre 3 y 4 años y 83 000 personas serían menores de edad. El desempleo de las personas adultas con TEA alcanza el impresionante dato del 90 %, y del 10 al 20 %, de la población mundial formaría parte de la neurodiversidad.

Un concepto y/o idea, lo de la neurodiversidad, irrumpe, y es utilizado cada día más, acuñado por primera vez por la australiana Judy Singer (1951...) que fundamenta su idea, de que la diversidad en el ser humano sería el resultado de las variaciones normales en el campo neurológico, y que deberían ser respetadas. Cada vez más, la sociedad y las personas autistas proclaman que el modelo humano, no es único ni homogéneo, sino que todas y todos, formaríamos parte de la neurodiversidad. Un elemento que se suma, entre otros muchos, a la polémica de la causalidad de lo(s)

autismo(s). Polémica y/o debate en el que se mezclan la clínica (médicos y psicólogos), la ética y por supuesto también la política, formando parte de la neurodiversidad, y de la propia biodiversidad?

En la editorial del anterior número 26, 2022 de *Maremagnum*, los acompañó el libro de Edgar Morin: *Changeons de voie. Les leçons de coronavirus* (Cambiemos de rumbo. Las lecciones del coronavirus), en el cual nos comenta la irrupción de la pandemia del coronavirus como una catástrofe sanitaria, en medio de una crisis política, económica, social y planetaria en la cual todos los países del mundo están implicados.

En esta editorial, 2023 queremos que nos acompañe el libro de Steve Silberman: *Una tribu propia. Autismo y Asperger: otras maneras de entender el mundo* (Editorial Planeta Ariel, 2022), una historia del cambio de actitud con respeto al TEA y el síndrome de Asperger. En su artículo el autor de esta editorial: *Sentido de pertenencia y neurodiversidad*, considera: “Un libro que nos muestra los cambios registrados en el diagnóstico del autismo en el último siglo, que revelan de forma contundente como los nocivos estereotipos asociados a las personas con autismo impiden que nuestra cultura alcance su potencial así como, para tener en cuenta, la propuesta de la autora Judy Singer, en el reconocimiento de que las diferencias en neurología deben ser reconocidas y respetadas como una categoría social, para llegar el concepto de neurodiversidad” .

